

ACTA NÚM. 6 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE 2014.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e catro de abril de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014 (núm. 5/14).**
- 2. Aprobación de crédito extraordinario núm. 2014-CREXT-00.**
- 3. Proposta da concelleira delegada de economía, emprego, comercio, turismo e mercados relativa á inclusión da oficina de promoción económica e emprego do Concello de Santiago como socio da Asociación RED de entidades para o desenvolvemento local “REDEL”.**
- 4. Proposta da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible para que o xardín ubicado detrás da igrexa e do antigo hospital de San Roque leve a denominación de Parque das Ciencias Padre Sarmiento.**
- 5. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e tráfico sobre distincións da Policía Local.**
- 6. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade de creación da Xunta Local de Protección Civil.**
- 7. Declaración de utilidade pública da obra de emerxencia de remodelación de estrutura de madeira da cuberta e falsos teitos do IES Rosalía de Castro, promovidas pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aos efectos previstos no artigo 8.1 da Ordenaza Fiscal núm. 1.04 (imposto sobre construcións, instalacións e obras).**
- 8. Aprobación inicial da modificación da ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela.**
- 9. Proposición do BNG para articular medidas destinadas ao mantemento do pequeno comercio e dos establecementos emblemáticos co remate das rendas antigas.**
- 10. Proposición do grupo municipal socialista relativa ao anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial.**

11. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

12. Rogos e preguntas.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de proceder ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, o pleno da corporación por unanimidade acorda aprobar a seguinte declaración institucional que ven asinada polos voceiros dos tres grupos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O artigo 24 da Constitución establece o dereito que teñen todas as persoas á tutela efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A vixente Lei Orgánica do Poder Xudicial aprobada en 1985 sufriu preto de 40 modificacións, nun proceso inconcluso de adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.

O pasado día 4 de abril foi aprobado polo Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX). Este anteproxecto da LOPX configura unha organización xudicial que ten por base os Tribunais Provinciais de Instancia, órganos que coa devandita base territorial agruparán aos actuais xulgados calquera que sexa a súa orde xurisdiccional. Esta distribución provincial vai condicionar o acceso á xustiza da cidadanía, provocando un maior distanciamento dos órganos xudiciais e, incrementando as cargas a soportar polos administrados na súa relación coa xustiza.

A Corporación de Santiago de Compostela considera que a demarcación dos Tribunais de Instancia establecida así cun ámbito provincial sería moi perxudicial para Santiago de Compostela e para o conxunto de Galicia, e que, polo contrario, debería ter en conta as particularidades e especificidades propias de Santiago como Capital de Galicia e cabeceira actual dun partido xudicial que ten unha carga de traballo considerable, e conta con seis xulgados de Primeira Instancia, tres de Instrucción, tres do Social, dous do Contencioso-Administrativo, dous do Penal, unha sección da Audiencia Provincial, o IMELGA e unha Fiscalía de Área. Presta ademais servizos non só á cidade, senon tamén aos concellos da comarca, e supón un importante dinamizador económico de Compostela.

A proposta do Anteproxecto de LOPX obvia que foi a práctica no exercicio da xurisdición e o volume de asuntos existente, o que provocou que a estrutura

estritamente provincial, inicialmente prevista na actual LOPX, fose abandonada nalgunhas cidades españolas, entre as que se atopa Santiago de Compostela, dada a necesidade de favorecer o encardinamento de institucións reguladas inicialmente como provinciais (Imelga, Fiscalía, xulgados do contencioso-administrativo, do penal e do social, e seccións da Audiencia Provincial), e que son hoxe institucións xa consolidadas. En consecuencia, a supresión desta estrutura, que responde á evolución lóxica da organización da Xustiza, derivada das propias circunstancias socio-económicas do noso territorio, supón un retroceso que descoñece a necesidade revelada nos últimos anos de que determinados ámbitos xeográficos galegos se constitúan como un centro de referencia na organización xudicial, cunha organización estable.

Trasladar fóra da actual sede os órganos xa existentes, limitará a súa funcionalidade e prexudicará a efectividade do servizo. De tal forma que incluso a eliminación dalgún dos partidos xudiciais máis periféricos, necesariamente deberá comportar o incremento das sedes actuais de Santiago de Compostela, xa actualmente insuficientes.

Por todo ilo, a Corporación de Santiago, por unanimidade, **ACORDA**:

1. Instar ao Goberno Central para que o texto da nova Lei Orgánica do Poder Xudicial contemple o partido xudicial con Tribunal de Instancia para Santiago de Compostela, e que siga mantendo os mesmos servizos que ten na actualidade.
2. Que nos criterios que definan a futura planta xudicial no territorio galego, sexan tidos en conta os criterios relacionados coas características socioeconómicas, xeográficas e poboacionais, á hora de recoñecer como partido xudicial con Tribunal de instancia a estrutura xudicial xa existente na actualidade en Santiago de Compostela e noutras poboacións galegas.
3. Dar traslado deste Acordo ao Ministerio de Xustiza, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ao Tribunal Superior de Galicia, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Consello de Estado, ao Fiscal Xeral do Estado e ao Consello da Avogacía Galega.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2014 (NÚM. 5/14).

Por unanimidade apróbase a acta núm. 5/2014, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar 27 de marzo de 2014.

2. APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2014-CREXT-00.

A concelleira delegada de facenda e administración pública formulou unha proposta co obxecto de aprobar o crédito extraordinario núm. 2014-CREXT-00 para investimentos afectados con cargo a remanente de tesourería afectado.

O informe que emitiu o señor interventor de fondos en relación coa citada proposta ten o seguinte contido:

“Remitido expediente Nº 2014-CREXT-00 de concesión de crédito extraordinario con destino ó financiamento das inversións sinaladas na proposta formulada pola concelleira delegada de Facenda e Administración Pública, esta Intervención, ó abeiro do sinalado no artigo 177.2 TRLRFL e 37.3 RD 500/1990, emite o seguinte INFORME PRECEPTIVO:

I) Normativa de aplicación.-

1. RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora de Facendas Locais
2. RD 500/1990, de 20 de Abril, Regulamento orzamentario
3. Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réximen Local
4. RDL 781/86 TRRL, de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
5. Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local
6. Bases de Execución do Orzamento.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito (artigo 177 TRLRFL e 35.1 RD 500/1990).

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril. O remanente de tesourería figura como recurso de financiación de dita modificación de crédito; toda vez que se trata de remanente de tesourería afectado, debe garantirse que as inversións de destino cumpren os requisitos de afectación do recurso que as financian.

II) Expediente de concesión de crédito extraordinario: verificación de cumprimento da normativa de aplicación.-

O gasto que, a tenor da proposta de modificación e da Proposta que se xunta á mesma, non se pode demorar ata o exercicio seguinte, consisten nunha serie de gastos de inversión, segundo motivación e descripción do gasto que figura na mesma, concretándose o importe do gasto en 1.200.000,00 euros.

Non existe no estado de gastos do orzamento crédito destinado a esta finalidade específica no nivel establecido de vinculación xurídica, tal como se deriva do certificado emitido por esta Intervención, non podendo dita aplicación ser obxecto de ampliación.

II.I.- Aplicacións do orzamento de gastos ás que afecta o expediente.-

PARTIDA INCREMENTADA	PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
050 15100 61900	2014 2 CARRE 47	Proxecto de Reurbanización da Rúa das Carretas	400.000,00
050 15100 61900	2014 2 FONTI 48	Proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa das Fontiñas	400.000,00
050 15100 60900	2014 2 VISTA 49	Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre-Fase II (zona III e túnel e rúa Noia inferior)	400.000,00

II.II.- Recurso financeiro.-

No expediente obxecto de informe se indica como recurso o remanente de tesourería afectado, incorporado no exercicio 2013 ó proxecto de gastos 2013 8 EXCES 13, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento na súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos. Constátase, pois, a existencia de excesos de financiación no proxecto de gastos 2013 8 EXCES 13 en contía suficiente para o financiamento do presente expediente de crédito extraordinario, polo que se cumpre o preceptuado no artigo 177.4 TRLRFL e 36.1.c) do R.D. 500/1990.

O presente expediente diríxese á afectación da financiación de novas inversión a través dun expediente de crédito extraordinario, implicando unha modificación á alza do orzamento de ingresos no concepto 870.10 “Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado” polo citado importe, e igual ó incremento nas aplicacións de gastos antes relacionadas.

Polo tanto, son coincidentes os importes do crédito extraordinario e remanente de tesourería afectado, conservándose o equilibrio formal do Orzamento, de conformidade co sinalado no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

III) Tramitación e aprobación do expediente.-

Segundo os artigos 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos, así como as normas establecidas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2014:

I. Proposta do/a Concelleiro/a delegado/a que teña ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexa responsable dos correspondentes programas.

II. Aprobación pola Xunta de Goberno Local.

III. Informe preceptivo do Interventor

IV. Dictamen da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

V. Aprobación inicial polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local)

VI. Exposición ó público do acordo de aprobación inicial durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboeiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, e coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.

VII. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquer caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

VIII. O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sin modificacións sobre o acordo de aprobación inicial será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, ademáis de no taboeiro de anuncios.

IX. Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

X. Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto VIII anterior.

V) Conclusión.-

A proposta de concesión de crédito extraordinario estímase formalmente conforme no seu procedemento de tramitación ó establecido no ordenamento xurídico.”

O señor alcalde outorga a quenda da palabra á señora Pardo.

Comeza a señora Pardo a súa intervención dando as grazas ao señor alcalde e as boas tardes a todos os asistentes.

Indica que coa aprobación do crédito extraordinario dáse destino aos remanentes correspondentes ao convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, de 28 de xuño de 2005, para execución de actuacións en Santiago de Compostela, saída cara Noia, rúa Mestre Mateo.

Di que o Concello de Santiago asumiu en virtude do convenio citado, a obriga de aportar 1.200.000 euros con cargo á partida correspondente dos orzamentos xerais de 2005. Tendo en conta que o tempo transcorrido posibilitou a anulación da reserva de crédito realizada, se propuxo que se imputen os mesmos aos seguintes proxectos e nas seguintes contías e anualidades, que relata a continuación.

O proxecto de reurbanización da rúa Carretas, que ten un orzamento total de 840.951,88 euros, completa a reconfiguración do eixo San Clemente-Trinidad-Carretas, tras formar unha arteria principal de tránsito rodado trala apertura do vial García Sabell de dobre dirección: por unha parte, toma como punto de partida a rede peonil de servizo ao casco, conservando a améndoa e facendo tamén que Hortas sexa peatonal, e por outra parte, pecha a fachada oeste do ámbito do plan especial 1, e identifica con claridade un novo límite e a porta de entrada á zona vella.

Actualmente trátase dun espazo público de convivencia de tráfico, con preponderancia do uso peonil. Prosegue a señora Pardo indicando que con esta reurbanización, resérvase o tránsito rodado ao acceso de residentes, servizos terciarios e servizos públicos, ademais de permitir o tratamento de uso peonil do que goza a rúa Hortas, xa reurbanizada, e na cal o tráfico rodado representa un problema de ruídos, xa que se empregou un tipo de chapacuña que produce moito ruído segundo os veciños, así como problemas de seguridade, polo ancho das beirarrúas, e a velocidade coa que baixan os coches por ela.

Con esta actuación, e adoptando a decisión de liberar a rúa de estacionamento, se consegue reservar aos cidadáns o disfrute de todo o espazo público. Se reserva espazo para dispoñer de estacionamentos para bicicletas e ciclomotores. Non se fixa o ámbito específico para carga e descarga que suporía un modus operandi idéntico ao do recinto intramuros, onde vehículos de reparto estacionan libremente sen bloquear accesos, nin interferir na circulación de vehículos e peóns.

En definitiva, trátase dunha actuación que mellorará de xeito considerable a calidade de vida dos residentes e a protección da améndoa, xunto ao eixo Trinidad-San Clemente, e se obterá un novo espazo de disfrute para os cidadáns e visitantes.

En relación co segundo proxecto, o de renovación de viais e beirarrúas na Rúa das Fontiñas, e na Fonte dos Concheiros, que conta cun orzamento total de 1.124.710,03 euros, lembra que estas rúas teñen unha importancia clave no acceso peonil dende o leste ao centro da cidade de Santiago de Compostela, formando parte da entrada na cidade dos peregríns a través do Camiño de Santiago (Camiño Francés).

Dende o punto de vista do tráfico rodado esta rúa permite a conexión entre a Avda. De Lugo e a rúa de Monte dos Postes-rúa Lisboa, conectando coa rúa de San Lázaro, trala rúa do Valiño.

Trátase dun vial vertebrador do barrio de Fontiñas. Ten por obxecto dúas rúas: a rúa das Fontiñas e a rúa da Fonte dos Concheiros. Di a señora Pardo que semella insuficiente tratar exclusivamente de pavimentar as beirarrúas e calzada afectados, pois cómpre ademais, realizar operacións materiais de construción. Porén é imprescindible valorar en conciencia os movementos que en ditas rúas se producen, propoñer pequenos cambios de uso, e reconfigurar os espazos, de xeito que se recupere a rúa para os peóns, pero sen esquecer aos vehículos.

A señora Pardo sostén que dita intervención debe aportar continuidade a toda a rúa, e resolver as interseccións coas rúas circundantes, Avda. De Lugo e rúa do Valiño, con independencia de que a conexión coa Avda. de Lugo se produce mediante unha rotonda cuxas características serán obxecto dun proxecto independente.

A día de hoxe a rúa presenta varias intervencións que se foron executando por fases, e con criterios diferentes, o que produce unha heteroxeneidade de solucións construtivas, buscándose coa presente actuación un cosido das distintas partes inconexas, executadas de xeito que a vía recupere unha unidade formal, xa que se trata da primeira imaxe da cidade aos visitantes e peregríns do Camiño Francés.

A proposta parte de respectar aquelas actuacións que se materializaron de xeito correcto, e opta tanto por resolver os problemas desa zona, como polo seu adecuado estado de conservación.

O presente proxecto busca mellorar esta entrada e continuar a fusión do barrio de Fontiñas coas zonas verdes que o rodean.

A proposta propón un novo deseño de rúa que permita solventar as deficiencias detectadas, reconfigurando os espazos e propoñendo cambios de uso que redunden en beneficio dos peóns. Un deseño que, ademais, permitirá renovar a súa pavimentación, resolver os problemas creados polas diferenzas de cotas existentes ordear a franxa de aparcamentos, e solucionar os pasos de peóns.

Continúa a señora Pardo a dicir que, dadas as deficiencias detectadas a ambos lados da vía, en relación ao estado das luminarias e á súa funcionalidade, e posto que non cumpre a normativa vixente en canto á eficiencia e medidas de seguridade, nin aporta unha iluminación adecuada á vía obxecto do proxecto, plantéxase instalar luminarias novas en todo o ámbito da intervención, escollendo un único modelo que, ademais de contribuir a aportar continuidade á actuación, satisfaga os requisitos de eficiencia enerxética e niveis de iluminación adaptados á sección de vía e ao uso dela.

O presente proxecto busca aportar continuidade en todo o ámbito de intervención, mellorando a entrada á cidade e potenciando a fusión do barrio coas redes. Tamén busca dignificar os espazos de conflito e os encontros coas rúas existentes realizando unha conexión entre elas, esta prevista ou non, a reurbanización destas rúas adxacentes.

Resalta a señora Pardo que se ampliou o ámbito de intervención inicialmente previsto ao tramo da rúa do colexio Monte dos Postes, ao detectar varios problemas asociados ao colexio, que cunha serie de intervencións puntuais, se poden resolver facilmente, e resultan de vital importancia para a seguridade dos nenos e nenas. Ditros problemas atinxen principalmente ao ancho libre da beirarrúa dese lado, e aos vados dos pasos de peóns. Tamén cómpre a reubicación da parada de autobuses, posto que ao estar coas sinais e a farola que hai neste punto da beirarrúa, reducen considerablemente o ancho transitábel.

Prosegue a señora Pardo apuntando que na actualidade a rúa está dominada polo automóvil, polo que é imprescindible definir adecuadamente o uso das distintas partes da vía pública, para así poder ordear o aparcamento, plantexándose unha nova configuración na sección da rúa existente.

Esta actuación, que foi reiteradamente solicitada pola asociación de veciños de Fontiñas, mellora a calidade de vida dos residentes e contribuirá a dignificar a entrada do camiño francés no casco histórico de Santiago.

Procede finalmente a señora Pardo a falar dun terceiro proxecto, que é o da fase dous do proxecto de reurbanización do barrio de Vista Alegre (posto que a primeira fase xa está contratada e empezará a pórse en marcha de inmediato, no vindeiro mes de maio). Esta segunda fase execútase como continuación da actuación desenvolvida no marco de urbana norte, relativa á demolición das terrazas e humanización do barrio de Vista Alegre. En esencia, vaise proceder á reurbanización do túnel da rúa Noia, e ao derribo das terrazas e reurbanización da denominada no proxecto conxunto de todo o ámbito, zona tres, é dicir, toda a marxe dereita da praza de San Xoán.

O total do orzamento de execución é de 1.015.847,42 euros, cun prazo de execución de dez meses.

Reitera a señora Pardo que con esta actuación dáse cumprimento por completo á reurbanización do barrio de Vista Alegre, demanda histórica dos seus residentes, que xa levaban máis de vinte anos solicitando esta actuación e que xunto coa instalación de ascensores no barrio que se está a levar a cabo, mellorará claramente a calidade de vida dos seus veciños.

Por último, destaca que todas estas actuacións serán plurianualizadas, de xeito que para o presente exercicio 2014, se preverán 400.000 euros de reserva de crédito para cada unha delas, vistos os meses que terán de prazo de execución neste ano, financiándose o resto da actuación co orzamento do ano 2015.

Intervén o señor Cela dando as grazas ao señor alcalde, e as boas tardes a todos os asistentes.

Comeza dicindo que, lamentablemente, e como xa é habitual, dende o grupo municipal do BNG, queren deixar constancia do seu desacordo co xeito de tramitación deste punto, porque, na súa opinión, unha vez máis vólvese a abusar do trámite de urxencia nunha comisión informativa, para un trámite que non o é. Engade o señor Cela que non é este o xeito de tramitar un asunto como o que se está a discutir, aínda que por desgraza, máis que unha excepción, estase a converter nunha norma.

En segundo lugar, sinala que non deixa de ser chocante o contido do punto a debater. Continúa a dicir que o grupo de goberno está a propór que se adoite o acordo de aprobar un crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería afectado a gastos de investimento incorporado no exercicio de 2013, por un importe de 1.200.000 euros, e que propoñen adicar eses recursos a tres actuacións por importes de 400.000 euros a cada unha delas: rúa Carretas, renovación dos viais e beirarrúas na rúa das Fontiñas, e tamén o proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre.

Quere deixar patente que ao seu grupo lle parece bo que se executen os remanentes de tesourería e que se adiquen a aqueles proxectos que teñan un maior retorno para Santiago, tanto en termos económicos, laborais como sociais, polo que nese sentido non entran a valorar eses proxectos concretos que se presentan, entre outras cousas, porque agás o de Carretas, que xa ten pasado pola Comisión do Casco Histórico, dos outros dous descoñecían ata hoxe a súa concreción práctica máis aló da explicación que ven de facer a concelleira.

Polo tanto, o seu grupo cre que en diversos puntos desas rúas sinaladas existen graves deficiencias, tanto nas calzadas como nas beirarrúas, como en moitas outras da cidade. En consecuencia, con independencia de que poidan existir actuacións, máis urxentes, é indiscutible que estas son necesarias.

Porén, continúa o señor Cela dicindo que non lles parece ben todo o que rodea á aprobación deste punto, pois en base ao artigo 5.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a liquidación do orzamento deberase elaborar antes do 1 de marzo, e a súa aprobación debe producirse antes do remate dese mes. Critica o señor Cela que a pesar de estar ás portas do mes de maio, o seu grupo non coñece esa liquidación, sen perxuízo de terse enteirado dalgúns dos datos máis significativos recollidos no informe do señor interventor.

Estes datos serían os relativos á contratación dun novo préstamo de seis millóns de euros que vai contraer o concello e, en concreto, terían relación con dous datos clave: o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de 5,2 millóns de euros, e o resultado orzamentario axustado, de 6,3 millóns de euros, o que quere dicir que a pesar do exposto pola señora Pardo, de que non hai cartos e que por iso non se levan a cabo actuacións, nin atenden debidamente ás demandas veciñais, a realidade é outra.

Pregúntase como pode ser que nun orzamento duns 96 millóns de euros, nun contexto económico e social con tantísimas necesidades e coa importancia que ten o sector público como palanca dinamizadora da economía local, se acumule sen darlle finalidade ata a data de hoxe, a seis millóns de euros, ao tempo que fai ben pouco que se suscribiu un préstamo que tivo como consecuencia un plan de axuste. Dito préstamo era a longo

prazo para o pagamento de gasto corrente, e agora preténdese suscribir unha nova póliza de crédito por valor de seis millóns de euros.

Continúa o señor Cela a dicir que non deixa de ser curioso que determinadas actuacións non se fixeron porque non estaban aprobados os orzamentos deste ano e outras non comezaron porque estaban vinculadas á aprobación dese novo crédito de seis millóns de euros, mentres que existían 5,2 millóns que non se investiron no exercicio pasado. Por iso, pregunta por que non investiron eses recursos no exercicio pasado, se non eran acaso tamén urxentes estas ou outras actuacións en 2013. Polo tanto, para o señor Cela este remanente confirma con datos empíricos a posición mantida polo Bloque Nacionalista Galego: que non facía falta aquel crédito naquela contía, nin os recortes asociados a ese plan de axuste.

Neste sentido solicita que se presente a liquidación do ano 2013, co fin de que esta arroxe luz sobre o asunto e sobre o xeito de xestionar e a incapacidade para executar.

Finaliza a súa intervención o señor Cela dicindo que o problema non é que non teñan recursos, senón que son incapaces de planificar e executar. É dicir, son incapaces de gobernar á altura do que unha cidade como Santiago precisa máxime nunha conxuntura económica e social como a que se está a vivir. Polo tanto, anuncia que o voto do seu grupo será o de abstención, pois a pesar de que non están en contra do uso dos remanentes, nin das actuacións plantexadas, si o están co procedemento empregado.

O señor Reyes Santiás comeza dando as grazas ao señor alcalde e aos presentes. Anuncia o seu voto favorable en relación coa proposta da concelleira de facenda. O sentido de voto débese a dous motivos: o primeiro deles, porque están absolutamente conformes e de acordo con que se incorporen como crédito os remanentes de tesourería doutros anos. Recorda neste sentido, que eles o ano pasado presentaron unha moción solicitando que se fixera para o 2013. O segundo motivo é que non teñen absolutamente dúbida ningunha con respecto á necesidade e o interese das obras que se plantexan polo grupo de goberno.

Porén, tamén quere manifestar no nome do seu grupo a súa disconformidade neste caso con respecto ao procedemento seguido neste expediente, o procedemento de urxencia. É difícil entender a motivación da urxencia que acompaña a esta proposta, pois levan tres anos de goberno, e tal e como sinalou a voceira, hai determinadas peticións que se levan formulando dende hai máis de vinte anos.

Por este motivo, solicita que consten en acta os reparos do seu grupo municipal á urxencia do procedemento, e non á incorporación do crédito e a súa asignación aos citados proxectos.

Para finalizar, sinala que o seu grupo tamén quere deixar constancia dunha cuestión. Di que alomenos dende o dezaseis de abril deste ano o grupo de goberno ten coñecemento da liquidación do orzamento, polo que coñecían da existencia dun remanente de tesourería en relación cos orzamentos do ano 2013. Por este motivo pregunta por que non se levou a pleno a liquidación dos orzamentos de 2013, e tamén pregunta cando teñen previsto traela ao pleno.

A señora Pardo comenza agradecendo o voto favorable do grupo socialista e amosa o seu respecto sobre a abstención do Bloque.

Continúa expresando que cre que hai unha equivocación ou un erro no concepto que están a manexar. Clarexa que non son remanentes líquidos de tesourería vinculados á liquidación destes anos, senón que son remanentes afectados ao financiamento de proxectos doutros anos. É dicir, o que se fixo foi unha limpeza de moitos proxectos, non só deste do vial de saída da rúa Mestre Mateo. Anuncia que virán ao próximo pleno, porque son ata 1,7 millóns recuperados de pequenos proxectos que van quedando, partidas non executadas, ou proxectos que non se fixeron dos anos 2001, 2002, 2003, que non están vinculados ao que é a liquidación do ano anterior.

O señor Cela agradece as explicacións recibidas e advirte que tiña clara a diferenza. O que está a plantexar é que en base ao informe do señor interventor co caso da petición dun crédito de seis millóns de euros, o que se coñece é algún dato avanzado desa liquidación do ano 2013. En base a esos datos el fai unha serie de valoracións. Clarexa que non cuestiona, porque lles parece que ten que ser así, a incorporación dese remanente a este exercicio, e tampouco as actuacións concretas. Di que no caso de Fontiñas, o seu grupo tamén ten mantido reunións coa asociación de veciños, e ten percorrido con eles esa rúa. Ao respecto di que é certo que existen graves deficiencias en diferentes partes da mesma e que é un punto fundamental para a cidade e porta de entrada de moitísima xente que visita a cidade. Polo tanto, cre que é unha actuación necesaria e que estará ben feita cando coñezan o proxecto, porque o único que coñecen ata agora é a explicación verbal que se realizou no pleno.

Continúa engadindo que no caso de Carretas xa ten pasado pola comisión de casco histórico, e di que xa coñecen a opinión do Bloque Nacionalista Galego ao respecto. Verbo da segunda fase de Vista Alegre, precisa que non deixa de ser a segunda fase dun proxecto que no seu día tamén se iniciaba cando tiña esas responsabilidades o Bloque Nacionalista Galego respecto do que tiña que ser a rehabilitación integral de toda esa área.

Polo tanto, conclúe que respecto ás actuacións concretas, a falta de ver a materialización concreta dos proxectos e coa incrementación no exercicio de 2013 dos remanentes, nada teñen que dicir. Resalta que non había confusión e que estaba a tratar

outra cousa a maiores, que o compañeiro do grupo socialista enfatizou relativos a que nun documento se dan datos desa liquidación. O que agardan é que o antes posible eses datos sexan públicos, que poidan telos todos, e que os grupos da oposición poidan facer unha valoración de como aconteceron as cousas no exercicio de 2013.

O señor Rama comenza mostrando que está de acordo co que comentou o voceiro do seu grupo municipal, referente ás obras. Di que saben que é unha incorporación de 1.200.000 euros, que era do convenio que había de Mestre Mateo. O seu grupo dá por ben feito as obras de Carretas e a conexión da urbanización nova coa antiga. É unha zona onde non hai nada urbanizado, é dicir, que é necesario urbanizar. Engade que mentres no expediente ven só 1.200.000 euros de incorporación, falouse de dúas anualidades que se van presentar para facer esas obras. Di que ve dúas cousas que se deben acometer e que solicita:

Unha, que destes 1.200.000 euros, se destine unha parte a corrixir as deficiencias do paso do túnel, por un motivo de seguridade.

No que atinxe á reurbanización de Vista Alegre coa que están totalmente de acordo. Di que o tronco principal que tamén estaba nun convenio coa Xunta de Galicia, que por mor da situación económica non se puido realizar, vai dende o cruce da Avda. de Castelao ata o Romáño. Relata que o piso firme está cun deterioro brutal e cre que as condicións de seguridade deixan moito que desexar, polo que pide que se tome nota e se atendan estas peticións.

Xa que logo, de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do 21 de abril, e consonte co informe anteriormente transcrito, o pleno da corporación, por 22 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE e 3 abstencións, correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 2014-CREXT-00 por importe global de 1.200.000 euros. Esta modificación de crédito financiarase, con remanente de tesourería afectado, incorporado no exercicio 2013 ó proxecto de gastos 2013 8 EXCESS 13, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento na súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación:**

PARTIDA INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
050 15100 61900	Proxecto de Reurbanización da Rúa Carretas.	2014/2/CARRE/47	400.000 euros
050 15100 61900	Proxecto de renovación de viais e beirarrúas na Rúa das Fontiñas	2014/2/FONTI/48	400.000 euros
050 15100 60900	Proxecto de “mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre” – fase II (zona III e túnel e rúa Noia inferior)	2014/2/VISTA/49	400.000 euros

B) **Financiación:** Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión: 1.200.000 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.10	Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada	1.200.000 EUROS

C) **Resume:**

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.200.000 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión	1.200.000 euros
3.- Financiamento igual a habilitación.....	1.200.000 euros

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL..

O presente acordo elevarase automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación ningunha, procedendo á publicación do resume por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, EMPREGO, COMERCIO, TURISMO E MERCADOS RELATIVA Á INCLUSIÓN DA OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DO CONCELLO DE SANTIAGO COMO SOCIO DA ASOCIACIÓN RED DE ENTIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO LOCAL “REDEL”.

O 20 de marzo de 2014 a concelleira delegada de economía, emprego, comercio, turismo e mercados presentou unha proposta co obxecto de incluír a oficina de promoción económica e emprego do Concello de Santiago de Compostela como socio da asociación REDEL.

Achegado ao expediente figura un informe da técnico responsable de emprego que leva o visto e praxe da xefa do servizo.

A señora Leis sinala que este ano decidiuse de novo quitar a contía que hai que aportar para pertencer á rede da que se está a falar, o que foi un dos principais motivos polo que se deran de baixa, pero decidiron de novo incluírse nela, para poder seguir a traballar con outros concellos españois.

Para rematar pregunta aos presentes se queren algunha explicación ao respecto.

A continuación, o señor Cela sinala que o seu grupo non ten ningún problema e que o seu voto é favorable á inclusión en calquera rede dese tipo, onde se poidan ter marcos de reflexión, de intercambio de experiencias en materia de desenvolvemento local, sobre todo en políticas industriais, de innovación, e tamén en políticas activas de emprego que sempre son positivas.

Recalca que a súa dúbida era que na proposta que ven do departamento faise fincapé en que precisamente esa rede acordou eliminar as cotas económicas actuais, e sen embargo nos estatutos que acompañan á documentación seguen a figurar as cotas das entidades periódicas e extraordinarias.

A señora Valledor di que a proposta da concelleira de incluír a oficina de promoción económica e emprego como socia da asociación rede de entidades para o desenvolvemento local (REDEL) é unha mostra máis do desgoverno do señor Currás, e engade que unha proposta que ten as súas orixes na xestión do anterior goberno, que nos seus inicios participou a propia oficina de promoción económica como socio fundador e que foi abandonada polo tema económico, non pode ser aprobada co voto do seu partido, porque ou ben a documentación que lles achegan é incompleta, ou ben é contradictoria.

No informe das técnicas municipais consta que non suporá custo para o concello, agás os gastos de desprazamento para asistir ás xuntanzas de dita rede. Non en tanto, o artigo 27 dos estatutos, no apartado b), di que hai que aboar as cotas que se fixen, cando fala das obrigas das entidades asociadas. Pola contra o artigo 29, cando se refire aos recursos económicos cita entre outros, as cotas das entidades asociadas periódicas ou extraordinarias. Ela entende que falar de cotas supón que a entidade asociada achega recursos económicos. Indica que se supón custo económico, precísase que o interventor do concello informe sobre este asunto, e de non supor custo económico, deberán achegar a documentación que acredite tal circunstancia.

Sinala que se o goberno tivese algo de idea do que supón gobernar non tería que pedir que se retirase da orde do día pola falta de documentación, na comisión informativa que tivo lugar o pasado lúns, e non tería que facelo se a concelleira delegada asistira a dar as explicacións sobre esta proposta. Ese é o fin, entre outros, das comisións informativas o de dar as explicacións pertinentes sobre os asuntos que teñen que ser aprobados en pleno. Destaca o bochorno que supón que non sexan capaces nin de xestionar a integración nunha rede que podería ser de moita utilidade para a cidade, na que o desemprego medra día a día.

A señora Leis retruca que non asistiu a esa comisión, porque ela non pertence a esa comisión. Aínda así, di que se a oposición o considera necesario presentárase nas comisións que así o solicite para aclarar o correspondente.

Continúa a señora Leis dándolle a razón ao señor Cela e sinalando que nos estatutos mantense o que dixo, pero nas últimas asembleas da rede, onde varios concellos se deron de baixa por esa cota, se mantivo deixar sen efecto ese punto, e foi en base a iso, ao que tomaron a decisión de reincorporarse á rede, ao igual que outras cidades o están a facer nestes momentos, e que están a contar para iso co apoio de toda a corporación.

Engade que se o Partido Socialista non quere apoiar isto, entende que lle preocupa máis facer oposición en negativo, que sumar a actividades que poidan redundar no beneficio dos cidadáns, neste caso a promoción e o emprego, e corríxe o dito polo Sr. Cela, sinalando que o desemprego está a baixar nos últimos meses e engade que seguirá a facelo. Remata a súa intervención dicindo que ve innecesario retirar a proposta.

A señora Valledor comeza preguntándose cal é o motivo polo que non teñen a acta do acordo de eliminación das cotas anuais, ou se teñen a consideración de entidade asociada ou de honra.

Precisa que na comisión informativa do outro día faltou un membro do goberno, e sinala que a señora Leis, puido ir perfectamente a dar conta, e explicar o que está a dicir no pleno. Continua a dicir que se hai un acordo segundo os estatutos da redel, ten que

existir unha acta da asemblea xeral no que así conste, e como o grupo de goberno non achegou dita acta, entenden que se hai custo económico é o interventor quen o ten que dicir. Neste sentido pide que se o señor interventor emite o informe “in voce” que conste en acta.

O señor interventor pide a palabra ao señor alcalde e explica que a proposta di que a participación nesa rede unicamente implica para o concello de Santiago os custos de desprazamento do persoal que participe nas reunións que se establezan, xa que Redel acordou eliminar as cotas económicas.

A señora Valledor volve a tomar a palabra sinalando que o que ven de ler o Sr. Interventor xa o leu ela antes, e que o que está a dicir é que a ese expediente lle falta a acta do acordo de eliminación das cotas anuais, e que non poden votar a favor dun expediente que está incompleto. Clarexa que non é que non estean de acordo, xa que o concello participou como membro fundacional da asociación e retirouse no seu momento por un problema económico. Remata dicindo que se a acta existe quere vela.

O señor alcalde toma a palabra para cerrar o asunto e coméntalle á señora Valledor que a rede foi creada no 2010, e di que o Concello de Santiago foi un dos seus promotores. Destaca que os dous aspectos clave dos obxectivos desta rede á que se adheriu o concello, no goberno de 2007 a 2011, eran deseñar, desenvolver e executar proxectos conxuntos de desenvolvemento local e tamén promover e realizar accións de interese social, mediante proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento.

Aínda así destaca que non se fixo nada diso, só se pagou a cota, e asistiuse a algunha reunión por parte do grupo socialista, polo que di que non tiña ningún interese, pagar 5000 euros ao ano para iso, só para reflexionar. Cre que no momento actual, cómpre valoralo con moito coidado, e no caso de aportar proxectos de desenvolvemento local, benvido sexa. Insiste en que ata agora non aportou gran cousa, máis que a carga de aportar cinco mil euros ao ano. Espera que se poida reconducir esa rede.

Sometida a votación a retirada do presente punto da orde do día a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ésta queda rexeitada por 16 votos en contra, correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG, e 9 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A continuación, sometida á consideración do pleno a presente proposta, por 16 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e aos do BNG, e 9 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente á súa reunión

do pasado 21 de abril, e consonte co informe anteriormente reseñado, o pleno da corporación acorda:

a) A incorporación do Concello de Santiago de Compostela como socio da asociación red de entidades para o desenvolvemento local “REDEL”.

b) Autorizar á concelleira delegada da área de economía, emprego, comercio, turismo e mercados a realización das xestións precisas para facer efectiva dita incorporación

4. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE PARA QUE O XARDÍN UBICADO DETRÁS DA IGREXA E DO ANTIGO HOSPITAL DE SAN ROQUE LEVE A DENOMINACIÓN DE PARQUE DAS CIENCIAS PADRE SARMIENTO.

A concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible presentou unha proposta o 11 de marzo de 2014, co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

O 24 de abril de 2014, o grupo municipal do BNG formulou unha emenda á citada proposta.

O señor alcalde di que hai unha emenda do grupo municipal do BNG.

Intevén a señora Pardo dicindo que o xardín do que se está a falar está ubicado detrás do antigo hospital de San Roque que foi acondicionado fai anos, pero que quedou, ao seu xuízo, como un espazo anodino, carente de mobiliario.

Indica que o concello recentemente fixo unha intervención de pouco máis de setenta mil euros, conseguindo que un espazo desaproveitado que se utilizaba de forma marxinal, se converta agora nunha zona dividida en dúas áreas diferenciadas entre un pequeno parque infantil que dá servizo a dúas garderías e a un colexio das inmediacións. Deste xeito cúmprese cunha antiga reclamación dos veciños do casco histórico, e por outro lado, créase unha área dedicada á reflexión e ao descanso ao redor dunha escultura de recoñecemento aos homenaxeados pola Real Academia Galega das ciencias cada ano, cuxos nomes figuran nos bancos instalados en dito parque.

Continúa a señora Pardo a dicir que por ese motivo, o grupo de goberno do Partido Popular formulou inicialmente a proposta de denominar o parque baixo o nome de Parque das Ciencias Padre Sarmiento. Porén, di que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego trae hoxe a este pleno unha emenda para adicar este parque como recoñecemento ao labor científico do ilustre xeólogo compostelán Isidro Parga Pondal, veciño ademais, da Carreira do Conde.

Coñecidos os argumentos do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pardo di que o grupo de goberno considéraos acertados e di que aceptan con agrado a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

Intervén a señora Cienfuegos e en atención ao cuestionamento que o BNG fai do procedemento que se seguiu para facer a proposta, di que é claramente discrepante co acordo unánime dos grupos da corporación de consensuar, previamente, os acordos de dar nome aos espazos públicos. Tamén di que non pode subscribir os calificativos de anodino, esquecido, etc., referidos ao parque de San Roque.

En relación coa proposta inicial de darlle o nome de Padre Sarmiento, di que o seu grupo, como xa é sabido, fixo unha emenda propoñendo o nome de Isidro Parga Pondal. Di que aínda que entenden que pode ser unha homenaxe insuficiente para os méritos que honran a súa traxectoria persoal, científica, e profesional, pode contribuír ao recoñecemento público nesta cidade, na que realizou os estudos de bacharelato e á que volveu como profesor da Universidade, formando dende o seu laboratorio, aos primeiros xeoquímicos do Estado.

Foi apartado da universidade en 1936, polo seu ideario nacionalista galego, dada a súa concepción progresista da universidade, relacións coa comunidade científica internacional, incorporación da muller aos seus equipos, etc. Foi nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade nos anos 80 e mesmo fóra dela continuou o seu labor científico, en colaboración coas principais universidades europeas, xerando un nivel de coñecementos sobre a xeoloxía de Galiza comparable ao doutras áreas europeas similares e no seu tempo, moi superior ao doutras áreas ibéricas que contaban con facultade de ciencias xeolóxicas.

Entre as súas múltiples publicacións (a primeira no Seminario de Estudos Galegos, do que formou parte dende 1924) cabe destacar a do mapa xeolóxico de Galiza, ou a do mapa xeolóxico do macizo hespérico-peninsular. A obra de Parga Pondal, fecunda, diversa e orixinal abrangue unha ampla temática dentro das ciencias da terra, dende a xeoquímica á cartografía xeolóxica, pasando pola mineraloxía, petroloxía ou a estatigrafía, coñecementos relevantes ligados ao seu compromiso con Galicia.

Sinala a señora Cienfuegos que espera que os argumentos sexan suficientes, aínda que lembra tamén que Parga Condal foi membro honorario da Academia das ciencias que hoxe ten a súa sede no antigo hospital de San Roque. Finaliza a súa intervención dando as grazas por aceptar a emenda de dar o nome de Isidro Parga Pondal ao Parque das Ciencias.

Toma a palabra a señora Rosón, dando as grazas ao señor alcalde. Felicita ao Bloque Nacionalista Galego por sacar adiante esta proposta. Recoñece que o seu grupo está moi sorprendido co cambio de parecer na proposta que sustentaba a señora concelleira que levou o día 20 de marzo á Xunta de Goberno, na que quedou o tema enriba da mesa, porque este era un asunto de pleno, que tiña que decidir toda a corporación.

Reitera a señora Rosón a súa sorpresa ante o cambio de proposta, pois inicialmente coa proposta de denominar ao parque das ciencias Padre Sarmiento búscase compracer á proposta da Academia Galega das Ciencias de renderlle unha homenaxe ao padre Sarmiento. Entón, resúltalle moi curioso que se cambie esta proposta repentinamente cara ao nome do insigne compostelán Don Isidro Parga Pondal.

Opina que non é un xardín esquecido, nin está infrautilizado, pois os rapaces e rapazas do Colexio La Salle o empregan, aínda que non teña bancos, nin mobiliario urbano, como non o teñen tampouco Belvís, nin San Domingos de Bonaval, xa que son modelos diferentes de entender o uso do espazo público.

Continúa a señora Rosón a dicir que para o seu grupo esta proposta adolece de erros, tanto na forma coma no fondo, a pesar de que dous días antes se fixera unha xunta de voceiros onde se falou deste tema, aínda que o seu propósito realmente era telo aprobado na xunta de goberno de fai un mes, sen dar conta diso a ninguén.

Di que lamenta ter que repetir sempre o mesmo discurso sobre as actitudes e as formas que caracterizan a este goberno do Partido Popular, pero o certo é que este tema non estaba chamado a ser conflictivo, e só o é pola forma da concelleira de facer as cousas.

Non dubida de que o Pai Sarmiento ou Don Isidro Parga Pondal merezan todas as homenaxes que esta cidade e Galicia lles adique, porque como relatou a señora Cienfuegos, téñeno máis que merecido, e tampouco dubida respecto a que outros persoeiros deban ser recoñecidos nos espazos públicos da cidade.

Do que dubida é que o feito de facer estas homenaxes, sexa a costa de quitarlle ao pobo a súa memoria, o que leva ao grupo municipal socialista a oporse á proposta, pois se para algo ten que servir o nomenclator dunha cidade é para alimentar a memoria dos pobos. Habería que preguntarlle ao propio pai Sarmiento que foi un gran coñecedor, un gran estudioso, e un gran escritor, sobre todo o que ten que ver coa toponimia, e o nomenclator en galego, en Galicia.

Considera que a toponimia e os nomes que durante décadas, durante xeracións se levan utilizado, deben conservarse e transmitirse ás xeracións vindeiras, para dar a coñecer o que fomos e o que somos. Por iso di que por moito que neste caso a Academia o propuxera, por riba da Academia está a memoria dos veciños que para eles é o máis

importante. Por iso, pensa que deberían ter escoitado aos veciños e veciñas deste ámbito da cidade histórica.

Considera que hai moitos sitios na cidade, nos que homenaxear ás ciencias e á academia, e lembra que hai unha fermosa Avenida das Ciencias no corazón da cidade, no que agora é o Campus Vida, onde está e onde se ubicou orixinariamente a facultade de ciencias, e agora, a facultade de química. Por iso, di que se podería buscar unha nova rúa, unha nova praza que leve nome do Pai Sarmiento. Cre que é urxente facelo, porque se queda sen praza, sen rúa, sen parque, sen nada.

Recalca que o grupo municipal socialista non cre que isto deba facerse a costa do seu nome orixinal e que permanece na memoria colectiva de toda a cidadanía desa zona que é a horta do hospital, a horta do Campillo de San Roque, que é a historia viva desta cidade, como tamén o son Belvís, Bonaval, ou como o son outros espazos tan singulares da cidade.

A señora Pardo pregunta cal era o nome, pois di que a horta do antigo hospital de San Roque esa é a ubicación na que está carecía de nome e por características propias debería pasar a telo. Relata que quedaron con Luís Meijide en que ían ir xuntos a este parque, e el esperounos na praza do hospital vello onde está a fonte, porque non sabían como referirse a el. Esa é unha realidade existente. Remata reiterando que lle chamaban parte de atrás do vello hospital, ou parte de atrás da igrexa de San Roque, pero carecía de nome.

Lamenta a señora Pardo a actitude progresista reaccionaria do partido socialista que di que ao pobo se lle saca a memoria. Pregunta en que momento da historia se conxelou esa memoria, porque sempre tivo esa dúbida cando falan de termos territoriais, en qué momento da historia se fixo esa conxelación e se é todo inamovible.

En canto ao nome de parque, clarexa que foi un erro de procedemento, pois non se sabía dende o departamento se tiña que ir á xunta de goberno, porque o señor alcalde pediu que quedase sobre a mesa, porque era un tema de pleno. Repite que foi un erro de procedemento e subsanouse sen ningún tipo de problemas, porque foi retirado polo señor alcalde e agora tráese ao pleno.

A señora Pardo comenta que inicialmente a proposta era parque das ciencias, para recordar as homenaxes que cada ano se fan pola Real Academia aos científicos galegos. O Presidente da Real Academia propuxo que fora o Pai Sarmiento, e a ela parecíalle ben. O que se pretendía sobre todo era homenaxear á ciencia e aos científicos, porque homenaxéase moitísimas veces o mundo da literatura, da escultura, da arte, pero pouco a científicos, e sobre todo, coma no caso, a científicos galegos. Verbo do cambio

proposto polo Bloque Nacionalista Galego, di que consideran correcto, xa que agora esta alí o antigo hospital que é sede do instituto Padre Sarmiento.

Sarmiento, era un humanista, e D. Isidro Parga Pondal era un científico, e cren que é correcto o cambio de denominación, por iso lles agradou, e nese sentido vai o seu voto de aceptación da emenda.

A señora Rosón comenta que se esqueceu de dicir que Don Isidro Parga Pondal, ten unha rúa en Compostela no Restollal, ao lado dun parque marabilloso, o parque Eugenio Granell, que quedaría máis contextualizado pola circunstancia.

Reitera que o seu grupo non está de acordo nin coa forma, nin co fondo da proposta. Así mesmo, sinala que están moi sorprendidos polo cambio de parecer da señora concelleira. Ao mesmo tempo felicita de novo ao Bloque Nacionalista Galego por ter conquirido sacar adiante a emenda. Remata reiterando a súa sorpresa e dicindo que supón que terán que darlle conta á Academia.

O señor alcalde intervén a seguir e agradece ao BNG que en poucos segundos valorase a figura do Sr. Parga Pondal, como un científico dos máis importantes e do máis importante de Galicia, e un compostelán. Sorpréndelle, en cambio, que o grupo socialista agotase dez minutos, para concluír que vota en contra, de que se lle dea o nome de Parga Pondal a un espazo da cidade. Atópase aínda máis sorprendido de que a señora Rosón diga que había que escoitar aos veciños para o nomenclator.

Nese sentido lembra que hai algunha rúa adicada a unha directora de cine a a algún artista e ao respecto di que non cre que foran consultados os veciños, porque pouco teñen que ver con Compostela. Mantén que o nome de Isidro Parga Pondal merece un espazo de honra en Compostela, porque foi un gran científico, porque foi a alma mater do seminario de estudos galegos, porque ademais o laboratorio xeolóxico de Laxe reconece permanentemente o seu labor, e porque Compostela llelo debe.

Di que o PSOE non quere apoiar o nome de Parga Pondal para un espazo da cidade, e sinala que aínda que cada un defende a súa posición, el o prefire antes que unha directora de cine que ten unha rúa na cidade.

Rematado o debate sométese á consideración do pleno a emenda formulada polo BNG, e o pleno, por 16 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG, e 9 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o xardín situado detrás da Igrexa e do Hospital de San Roque leve o nome de don Isidro Parga Pondal.

5. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ E TRÁFICO SOBRE DISTINCIÓNS DA POLICÍA LOCAL.

O señor García Bello procede a dar lectura literal á súa proposta.

Intervén D. Rubén Cela e sinala que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vai votar favorablemente á proposta de distincións a aqueles membros da policía local de Santiago que participaron nos labores de rescate no sinistro de Angrois, porque cren que é de xustiza, e sobre todo, porque é necesario, tendo en conta que outros corpos e forzas de seguridade e doutros ámbitos profesionais, xa foron recoñecidos por outras administracións con anterioridade.

Continúa a dicir o señor Cela que está a chegar o aniversario da traxedia e di que non se cansarán de recoñecer o traballo, entrega e profesionalidade dos equipos municipais que interviron, así como sobre todo, do que fixeron e do exemplo que deron os/as veciños/as de Angrois.

Apunta o señor Cela que hai outra homenaxe pendente que é o mellor recoñecemento que se pode facer, e que se trata de traballar para que algo así non volva a ocorrer. Nese sentido, cren que aínda está todo por facer. Sinala, ademais, que os trens Alvia seguen a pasar pola Grandeira practicamente coas mesmas medidas de seguridade que fai un ano, que as promesas do Ministerio aos veciños seguen nun caixón e que as vítimas, familias e o conxunto do pobo galego seguen sen coñecer realmente o que pasou e ata onde chegan as responsabilidades.

Finaliza a súa intervención anunciando o voto favorable a este recoñecemento e sinala que ogallá se saiba toda a verdade e se tomen todas as medidas necesarias, para que algo así nunca volva a pasar.

Intervén a señora Santullano polo grupo Socialista e anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta de medallas e distincións. Sinala que non dubidan do corpo da policía local de Santiago de Compostela nunha traxedia como a que ocorreu na noite do 24 de xullo, entre outras cousas, porque levan traballando cóbado a cóbado con eles durante moitos anos.

Non é a primeira vez que os axentes da policía local ou o corpo de bombeiros, estando de días de permiso, de días de vacacións, se incorporan aos seus postos de traballo sen que ninguén os chame, por exemplo, cando foron os incendios do ano 2006, onde houbo unha resposta moi significativa e similar á que se produciu o día 24 de xullo.

Sinala a señora Santullano que a proposta lle parece acertada e que o grupo socialista sempre defendeu a profesionalidade e adicación dos axentes da policía local de Santiago, loitando durante o tempo que estiveron no goberno e traballando con eles, polas súas melloras profesionais, tanto materiais coma doutro tipo e indica que por iso cren que se debe seguir traballando nese mesmo sentido.

Finaliza a señora Santullano reiterando que votan favorablemente a esta proposta, porque no mesmo sitio onde estaban antes están agora, e seguen recoñecendo a súa profesionalidade e a súa adicación aos seus postos de traballo.

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade e tráfico, e consonte co ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente á súa reunión do pasado 21 de abril de 2014, o pleno da corporación por unanimidade acorda:

1.- Conceder a Medalla de servizos distinguidos do Corpo da Policía Local de Santiago, aos seguintes axentes da Policía Local, por mor da súa primeira intervención activa no auxilio das vítimas do tren sinistrado:

OFICIAL JOSÉ RAMÓN BARREIRO FARTO
POLICÍA JOSÉ ANTONIO BERDULLAS NIETO
POLICÍA MARTÍN CAMBA CONDE
POLICÍA BEGOÑA DEL RÍO MARTÍNEZ
POLICÍA JOSÉ MOSQUERA MIRA
POLICÍA JOSÉ MANUEL SAMPEDRO ALCALDE
POLICÍA SEBASTIÁN CARREIRA QUINTELA
POLICÍA MANUEL CURROS ESPERANTE
POLICÍA GUILLERMO BLANCO CAAMAÑO
POLICÍA JOSÉ AMADO SANTOS VICENTE
POLICÍA ALBERTO BERMÚDEZ CACHO
POLICÍA MARCOS IGLESIAS MARTÍNEZ.

2.- Conceder a Medalla do Corpo da Policía Local de Santiago de Compostela, aos seguintes membros da Policía Local, por mor da súa participación no dispositivo policial de extraordinaria complexidade e importancia para facilitar o auxilio ás vítimas de dito accidente:

INSPECTOR PRINCIPAL JEFE D. FCO. NORBERTO VILLAVERDE GARCÍA
INSPECTOR PRINCIPAL JOSÉ RAMÓN SILVA DIESTE
INSPECTOR PRINCIPAL JOSÉ MANUEL TRABA GESTO
INSPECTOR LINO SENRA RÍOS
INSPECTOR JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ LÓPEZ

INSPECTOR ANSELMO CAROU FEIJOO
INSPECTOR JUAN ÁNGEL NOYA PADÍN
INSPECTOR JOSÉ ANTONIO PENA SANTAMARINA
OFICIAL JOSÉ MANUEL GARCÍA CASTRO
OFICIAL JESÚS VÁZQUEZ ILLODO
OFICIAL DIANA PARENTE PAMPÍN
OFICIAL ABELARDO PAINCEIRA ANEIROS
OFICIAL JESÚS CAPEÁNS VARELA
OFICIAL CAMILO PAZOS BALIÑAS
OFICIAL JUAN CARLOS COBAS PRIETO
OFICIAL JOAQUÍN SOUTO IGLESIAS
POLICÍA ALBERTO GONZÁLEZ GONZÁLEZ
POLICÍA ANA PÁJARO LAGO
POLICÍA JOSÉ LUÍS CASTRO OTERO
POLICÍA PATRICIA VIEITES LEMOS
POLICÍA JOSÉ MANUEL BOO BUENO
POLICÍA MANUEL SEOANE GARCÍA
POLICÍA ÓSCAR GONZÁLEZ RENDO
POLICÍA MANUEL RAMOS REY
POLICÍA SANTIAGO TOJO ROZAS
POLICÍA JUANMANUEL TORRE VÁZQUEZ
POLICÍA JAVIER ARES AMIL
POLICÍA JESÚS ALEJANDRO PASÍN MARTÍNEZ
POLICÍA JORGE FERNÁNDEZ FUNCSTA
POLICÍA JESÚS MIGUEL BLANCO GUERRA
POLICÍA VÍCTOR CARBALLIDO VÁZQUEZ
POLICÍA SANTIAGO GONZÁLEZ NOGUEIRA
POLICÍA JAVIER PORTO BECERRA
POLICÍA FRANCISCO JAVIER VÁZQUEZ ILLODO
POLICÍA ELÍAS SEOANE GARCÍA
POLICÍA JOSÉ PEÑA SÁNCHEZ
POLICÍA ELIGIO LÓPEZ CERQUEIRO
POLICÍA JAVIER TEIJIDO LÓPEZ
POLICÍA MARÍA BELÉN SIXTO SANTOS
POLICÍA RAMÓN CREO BLANCO
POLICÍA DANIEL VILASECO ILLODO
POLICÍA SANTIAGO CONDIDE VIAÑO
POLICÍA JUAN CARLOS GÓMEZ GARCÍA
POLICÍA CARLOS VARELA NÚÑEZ
POLICÍA JESÚS JOSÉ MARIÑO SEOANE
POLICÍA ALFONSO SEOANE CANCELA
POLICÍA JOSÉ ELISARDO VÁZQUEZ MOAR

POLICÍA MANUEL MORA GARCÍA
POLICÍA MANUEL PEÑA SÁNCHEZ
POLICÍA JOSÉ AGUSTÍN PAZ GARCÍA
POLICÍA JULIO ÁNGEL RODRÍGUEZ CORTÉS
POLICÍA VÍCTOR MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA
POLICÍA ANTONIO MARTÍNEZ MOURELOS
POLICÍA JUAN MANUEL VILASECO ILLODO
POLICÍA JOSÉ CAMINO FERNÁNDEZ
POLICÍA JUAN JOSÉ ÁLVAREZ MARTÍNEZ
POLICÍA MARTÍN GIADÁNS SANTOS
POLICÍA JOSÉ NOYA VÁZQUEZ
POLICÍA MANUEL OURO HORTAS
POLICÍA JOSÉ MANUEL POMBO BOQUETE
POLICÍA VICTORIA PAMPÍN MARTÍNEZ
POLICÍA JOSÉ MÉNDEZ FERNÁNDEZ
POLICÍA LETICIA LÓPEZ VÁZQUEZ
POLICÍA BEATRIZ LÓPEZ VÁZQUEZ
POLICÍA AGUSTÍN VÁZQUEZ ILLODO
POLICÍA JOSÉ MANUEL UZAL RODRÍGUEZ
POLICÍA JOSÉ MANUEL POMBO RAMOS

3.- Felicitar publicamente ao oficial da Policía Local DON MANUEL ANDRÉS GARCÍA OTERO.

6. PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE DE CREACIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL.

Antes de comezar o estudo do presente punto saen do salón de plenos dona María Castela Torres e dona Mar Martín García.

O concelleiro delegado de mobilidade e seguridade presentou con data 31 de marzo de 2014, unha proposta co obxecto de crear a Xunta Local de Protección Civil do Concello de Santiago de Compostela.

Como anexos á proposta figuran a composición e mailas funcións da Xunta Local de Protección Civil.

Achegado ao expediente figura o informe conxunto emitido pola xefe de servizo de seguridade e mobilidade e mailo secretario xeral do pleno.

Intervén o señor García Bello e expón que a Constitución establece a obriga dos poderes públicos de garantir o dereito á vida e á integridade física como o primeiro e máis

importante dos dereitos fundamentais no seu artigo 15. Os principios de unidade nacional e solidariedade territorial (artigo 2) e as esixencias esenciais de eficacia e coordinación administrativa (artigo 103).

A Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, de protección civil é o primeiro instrumento xurídico de rango legal que regula no noso país estas materias. Define no seu artigo primeiro, a protección civil como un servizo público en cuxa organización, funcionamento e execución, participan as diferentes administracións públicas, así como os cidadáns, mediante o cumprimento dos correspondentes deberes e a prestación da súa colaboración voluntaria.

A citada lei non concreta os ámbitos nos que se exercen as responsabilidades e competencias das diferentes administracións, remitíndose fundamentalmente, ao que sinalen os distintos plans de protección civil.

Esta lei constitúe o marco legal que determina todo o sistema de preparación e resposta, ante situacións de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, nas que a seguridade e a vida das persoas poden perigar e sucumbir masivamente. Un claro exemplo do que se falou no punto anterior, como foi o sinistro do Alvia en Angrois, xerándose unhas necesidades e recursos, que poden esixir a contribución de todas as Administracións Públicas, organizacións, empresas e aínda particulares.

Con este plantexamento a citada norma inclúe unha serie de disposicións cuxo desenvolvemento normativo permite a configuración integral dun sistema de protección civil. O desenvolvemento desta norma aprobouse polo Real Decreto 407/1992, de 24 de abril, a Norma Básica de Protección Civil e os principios informadores son: a responsabilidade, autonomía de organización, a xestión, coordinación, complementariedade, subsidiariedade, solidariedade, capacidade de integración e garantía de información.

Esta norma define as competencias no ámbito de protección civil, atribuíndo ás entidades locais, as de elaborar e aprobar, cando proceda e segundo o marco da planificación establecido en cada ámbito territorial, os plans territoriais de protección civil.

Na nosa Comunidade Autónoma en desenvolvemento da normativa estatal aprobouse o Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia.

Posteriormente, apróbase a Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia que estrutura de forma coordinada os cometidos destas administracións públicas e fixa o

ámbito de colaboración da sociedade civil. Este sistema integrado estrutúrase en dous ámbitos inseparables de actuación: por unha banda, a xestión de riscos, que comprende a identificación e avaliación, a implementación de medidas estruturais de seguridade e de planificación; e por outra, a xestión de emerxencias, que comprende a activación dos plans, a coordinación de recursos para o seu control ata a súa conclusión e, no seu caso, a rehabilitación posterior.

No artigo 27 da devandita Lei 5/2007 recóllense as competencias das entidades locais galegas en materia de protección civil, atribuíndo aos alcaldes a condición de autoridade superior de protección civil e xestión de emerxencias.

O Concello de Santiago en desenvolvemento destas normas aprobou na sesión plenaria do 28 de febreiro de 2013, o Plan de Emerxencias Municipal, que foi remitido á Comisión Galega de Protección Civil que acordou a súa homologación na sesión plenaria que tivo lugar o 6 de maio de 2013.

Para a súa xestión e a dos recursos humanos e materiais en materia de protección civil e co ánimo de procurar a súa coordinación en caso de necesidade con outras Administracións Públicas, organizacións, asociacións e mesmo particulares, cómpre dotar ao Concello de Santiago dun comité que asuma unha serie de competencias, enmarcadas no que se coñece co nome de PLATERGA, Plan Territorial de Protección Civil de Galicia, aprobado por Resolución de 11 de outubro de 1994.

En base a todo iso é polo que se propón ao Pleno da Corporación, a adopción do acordo de creación da Xunta Local de Protección Civil do Concello de Santiago de Compostela, que terá as seguintes competencias, funcións e composición:

- Propoñer a elaboración de plans de emerxencias municipais e supramunicipal, de acordo cos riscos do concello.
- Informar, con carácter previo a súa aprobación, sobre os plans de protección civil elaborados.
- Supervisar o desenvolvemento, implantación, revisión e realización de simulacros e actualización dos plans.
- Promover e supervisar o cumprimento das medidas de prevención establecidas no plan de emerxencia municipal ou supramunicipal.
- Promover as campañas de formación e información cidadá, así como o adestramento daqueles sectores de poboación que se considere necesarios, consonte aos riscos que os afecten.
- Analizar e avaliar o desenvolvemento do plan de emerxencias municipal ou supramunicipal unha vez concluída a situación de emerxencia e propor as correccións necesarias nel.

- Promover e impulsar as medidas que considere necesarias no ámbito da protección civil.
- Emitir informe e propor as previsións económicas e das infraestruturas que sexan necesarias para o desenvolvemento das súas competencias.
- As demais funcións que regulamentariamente se determinen.

A súa composición será a seguinte:

A Presidencia da Xunta Local de Protección Civil de Santiago de Compostela correspóndelle á persoa titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Santiago de Compostela quen pode delegala na persoa titular da concellería delegada en materia de Seguridade e Mobilidade.

Como vogais:

Persoa titular da concellería delegada en materia de Seguridade e Mobilidade.

Unha persoa nomeada pola Xunta de Galicia.

A persoa que dirixa a Área de Seguridade e Mobilidade.

A persoa que exerza a xefatura do Servizo de Extinción de Incendios do concello.

A persoa que exerza a xefatura do Corpo da Policía Local.

A persoa que exerza a Coordinación de Protección Civil do concello.

O responsable da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil.

Unha persoa nomeada polo Corpo Nacional de Policía.

Unha persoa nomeada pola Garda Civil.

Unha persoa nomeada pola Unidade do corpo Nacional de Policía adscrita á C.A. de Galicia.

Unha persoa nomeada pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061.

Unha persoa nomeada pola Cruz Vermella.

Asistirán tamén os responsables técnicos municipais, en materia de protección civil, seguridade, medioambiente, obras e servizos e servizos sociais do concello, en función dos asuntos a tratar na Orde do Día.

Ademais, o presidente poderá convocar para as reunións, con voz e sen voto, ata un máximo de 4 persoas atendendo aos seus coñecementos técnicos na materia.

A xunta reunirse de xeito ordinario; alomenos unha vez ao ano, independentemente das convocatorias, extraordinarias ou urxentes que se estimen necesarias.

Rematado o debate, de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do pasado 21 de abril de 2014 e consonte co informe anteriormente referido, por 23 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 2 abstencións correspondentes ás concelleiras que se ausentaron do salón de plenos, o pleno da corporación acorda:

1. Crear a Xunta Local de Protección Civil do Concello de Santiago de Compostela.

2. A composición e as funcións do citado órgano serán as seguintes:

COMPOSICIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-

De conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a composición da Xuntas Local de Protección Civil do Concello de Santiago, será a seguinte:

Presidencia:

A Presidencia da Xunta Local de Protección Civil de Santiago de Compostela correspóndelle á persoa titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Santiago de Compostela quen pode delegala na persoa titular da concellería delegada en materia de Seguridade e Mobilidade.

Vogais:

Persoa titular da concellería delegada en materia de Seguridade e Mobilidade.

Unha persoa nomeada pola Xunta de Galicia.

A persoa que dirixa a Área de Seguridade e Mobilidade.

A persoa que exerza a xefatura do Servizo de Extinción de Incendios do concello.

A persoa que exerza a xefatura do Corpo da Policía Local.

A persoa que exerza a Coordinación de Protección Civil do concello.

O responsable da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil.

Unha persoa nomeada polo Corpo Nacional de Policía.

Unha persoa nomeada pola Garda Civil.

Unha persoa nomeada pola Unidade do corpo Nacional de Policía Adscrita á C.A. de Galicia.

Unha persoa nomeada pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia - 061

Unha persoa nomeada pola Cruz Vermella.

Asistirán tamén os responsables técnicos municipais, en materia de protección civil, seguridade, ambiente, obras e servizos e servizos sociais do concello, en función dos asuntos a tratar na Orde do Día.

Ademáis, o presidente poderá convocar para as reunións, con voz e sen voto, ata un máximo de 4 persoas atendendo ós seus coñecementos técnicos na materia.

A xunta reunírase de xeito ordinario; a lo menos unha vez ó ano, independemente das convocatorias, extraordinarias ou urxentes que se estimen necesarias.

FUNCIÓNS DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL.-

De conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 5/2007, de Emerxencias de Galicia, serán funcións da Xunta Local de Protección Civil do Concello de Santiago, as seguintes:

- a) Propoñer a elaboración de plans de emerxencias municipais e supramunicipal de acordo cos riscos do concello.
- b) Informar, con carácter previo a súa aprobación, sobre os plans de protección civil elaborados.
- c) Supervisar o desenvolvemento, implantación, revisión e realización de simulacros e actualización dos plans.
- d) Promover e supervisar o cumprimento das medidas de prevención establecidas no plan de emerxencia municipal ou supramunicipal.
- e) Promover as campañas de formación e información cidadá, así como o adestramento daqueles sectores de poboación que se considere necesario, consonte os riscos que os afecten.
- f) Analizar e avaliar o desenvolvemento do plano de emerxencias municipal ou supramunicipal unha vez concluída a situación de emerxencia e propor as correccións necesarias nel.
- g) Promover e impulsar as medidas que considere necesarias no ámbito da protección civil.
- h) Emitir informe e propor as previsións económicas e da infraestruturas que sexan necesarias para o desenvolvemento das súas competencias.
- i) As demais funcións que regulamentariamente se determinen.

7. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA DE EMERXENCIA DE REMODELACIÓN DE ESTRUTURA DE MADEIRA DA CUBERTA E FALSOS TEITOS DO IES ROSALÍA DE CASTRO, PROMOVIDAS POLA XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, AOS EFECTOS PREVISTOS NO ARTIGO

8.1 DA ORDENAZA FISCAL NÚM. 1.04 (IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS).

A concelleira delegada de facenda e administración pública presentou o 21 de abril de 2014 unha proposta co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

O informe que emitiu o secretario xeral do pleno e director da asesoría xurídica, en relación con este asunto, ten o seguinte contido:

“Juan Manuel Salguero del Valle, Funcionario con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Secretaría, Categoría Superior, en cumprimento do disposto no art. 3 do Real Decreto 1174/87, de 18 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, o art. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local e o art. 173 do Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte:

INFORME:

I

ANTECEDENTES DE HECHO:

Expediente remitido pola Xefa de Sección, recadación e inspección tributaria solicitando á Secretaría Xeral do Pleno da Corporación a inclusión na orde do día da vindeira sesión plenaria do expediente sobre solicitude de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións ou Obras presentada por Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, relativa á licenza nº lic/1684/2013 (obra de emerxencia de remodelación da estrutura de Madeira da cuberta e falsos teitos do IES Rosalía de Castro, ao abeiro do disposto na Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello.

II

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 30/92 de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.
- Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia.
- Real Decreto 2568/86, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Lei de Facendas Locais.
- Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira. A **Constitución Española de 1978**, establece unha facenda local baseada en dous principios: Suficiencia e autonomía. É dicir, as Entidades locais deben ter ingresos para poder prestar as competencias previstas na Constitución e as Leis doutra banda, incrementar a autonomía Municipal no ámbito dos tributos locais, de maneira que os Concellos dispoñan dunha maior capacidade e marxe de decisión.

Segunda. As Entidades Locais deben obter recursos para satisfacer os gastos que lle ocasionan os servizos que prestan aos cidadáns. A Facenda dos Municipios esta constituídos polos recursos enumerados no **artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais**, entre os que se atopan as taxas e os impostos.

Terceira. O **artigo 103.2. a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo**, establece o seguinte respecto de as posibles bonificacións aplicables á cota do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras:

«a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.»

Neste senso, o **artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras** dí textualmente:

“Establécese unha bonificación do 30% a favor das Construcións, Instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos esus membros.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interesado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal”.

IV CONCLUSIONES

Da documentación examinada dedúcese que o expediente cumpre coas formalidades esixidas legalmente polo que **INFORMASE FAVORABLEMENTE** a devandita solicitude para a súa aprobación polo Pleno da Corporación previo dictame da Comisión Informativa preceptiva.

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto o Sr. alcalde como a Xunta de Goberno Local, ou, no seu caso, o Pleno da Corporación, coa súa máis alto criterio acorden o que estimen oportunos.”

Intervén Dona Cecilia Sierra quen indica que hai unha petición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para que a obra correspondente ao Instituto Rosalía de Castro sexa declarada de interese público. Van realizar unha mellora nos tellados e nas cubertas do edificio. Amparados pola Lei Orgánica 2/2006, polo Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e por unha ordenanza fiscal do concello. Cre que lles corresponde dende un punto de vista legal, obter a bonificación do 30% no ICIO.

Xa que logo, de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do pasado 21 de abril, e consonte co informe que ven de transcribirse o pleno da corporación por 23 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG, e 2 abstencións correspondentes ás concelleiras que se ausentaron do salón de plenos, acorda:

Primeiro: Declarar de especial interese ou utilidade municipal as obras promovidas pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, relativa á licenza nº lic/1684/2013 (obra de emerxencia de remodelación da estrutura de madeira da cuberta e falsos teitos do IES Rosalía de Castro), ao abeiro do disposto na Ordenanza Fiscal nº 1.04 do concello.

Segundo: En consecuencia, recoñecer unha bonificación do 30% a efectos do ICIO ás devanditas obras, segundo o disposto no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do de devandito imposto.

Terceiro: Facultar á Sra. Concelleira de Presidencia, Facenda e Réxime Interior tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

8. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO EN AUTOBÚS DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Entra no salón de plenos dona Mar Martín García e sae don Francisco Reyes Santiás.

Con data 11 de abril de 2014, o concelleiro delegado de seguridade e mobilidade presentou unha proposta co obxecto de modificar o artigo 35.4 da ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela publicada no BOP do 23/05/2005.

O informe que emitiu o secretario xeral do pleno e director da asesoría xurídica en relación co presente asunto é o que a continuación se transcribe:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art.54 do Texto Refundido polo cal apróbanse as disposicións legais vigentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Reglamente de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal Regúlase o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal, art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 e 89.3 do Reglamente Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO: O Municipio, segundo dispón o **artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde ao Concello de Santiago de Compostela a potestade reglamentaria e de autoorganización.

Neste sentido o 23 de maio de 2005 publicouse no BOP a **“Ordenanza do Servizo de Transporte Colectivo en autobús da Cidade de Santiago de Compostela”**,

ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que completa a normativa Estatal e Autonómica sobre a materia, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto a ditas Leis e Reglamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

SEGUNDO: A **lexislación aplicable** vén determinada por:

- Os artigos 4, 25, 49, 62, 70.2, 123.1.d) e 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de Réxime Local.
- O artigo 52 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO: A modificación da citada Ordenanza axustarase ao seguinte **procedemento:**

A. Por providencia de data 11 de abril de 2004 do Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade, D. José Luís García Bello, presenta proposta de modificación do seguinte tenor literal:

“O 23 de maio de 2005 publicouse non BOP a Ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús dá Cidade de Santiago de Compostela. Transcorridos case nove anos, faise preciso modificar dita ordenanza non que respecta ao traslado de animais non transporte público.

Tendo en conta ou que antecede e á vista do informe que se achega, propoño á Xunta de Goberno aprobar a modificación do artigo 35.4 dá Ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús, substituíndo ou texto actual polo seguinte texto:

35.4. Vos invidentes poderán acceder ao autobús debidamente acreditados com can-guía; así mesmo, poderase acceder com pequenos animais domésticos sempre que vos seus donos vos leven em cestas ou gaiolas axeitadas, non produzan moléstias polo seu cheiro ou ruído e non contraveñan ou recollido non artigos 35 e 36 dá presente Ordenanza.

É canto teño a ben propoñer”

B. Elaborado e recibido o proxecto de modificación da Ordenanza, corresponderá á Xunta de Goberno Local, a aprobación do citado proxecto, segundo o disposto no **art. 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), modificada pola Lei 57/2003, de 16 de Decembro.**

C. Aprobado o proxecto de modificación da Ordenanza pola Xunta de Goberno Local, someterase a aprobación inicial do Pleno da Corporación, por maioría simple e previo Ditame da Comisión Informativa correspondente (art 123.1.d Lei 7/85 en relación co art. 49 do mesmo corpo legal), abríndose a continuación un período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

D. Concluído o período de información pública, si presentáronse reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 123.1.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Dictame da Comisión Informativa.

E. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

F. O Acordo de aprobación definitiva [*expresa ou tácita*] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en relación co artigo 52 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

CUARTO: Examinado o proxecto sobre modificación de a “**Ordenanza do Servizo de Transporte Colectivo en autobús da Cidade de Santiago de Compostela**”, posto a disposición desta Secretaría, **INFÓRMASE EN SENTIDO FAVORABLE** procedendo, en consecuencia a súa sometimento a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e, no seu caso, posterior tramitación ante o Pleno da Corporación.

E leste é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo de que tanto a Xunta de Goberno Local como o Pleno da Corporación coa súa máis alto criterio acorden o que estimen oportuno.”

Intervén o señor Bello informando ao pleno que na procura da actualización do servizo do transporte público encargouse no último trimestre do ano pasado á sociedade

municipal TUSSA unha revisión da actual ordenanza do servizo de transporte urbano colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela.

Lembra que esta ordenanza foi aprobada inicialmente no pleno da corporación do día 31 de marzo de 2005 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o día 23 de maio de 2005. Como todos os sectores, este debe avanzar cos tempos e di que cómpre ter a suficiente capacidade de reacción, para manter ao día o servizo de transporte urbano, atendendo, como non podía ser doutro xeito, á globalidade da rede de transporte e dando cabida a novas ofertas que non só atendan ás demandas das usuarias e usuarios do transporte público, senón adiantándose na medida do posible a elas.

Indica que no devandito estudo extraéronse diversos artigos e posibles modificacións a estudar, dado que as novas tecnoloxías de coberturas de redes, integracións tarifarias, e conexións intermodais, fan necesarias diversas actualizacións que seguen a estudarse por parte da empresa xestora, e que serán froito de posteriores actualizacións, de ser necesario, da presente ordenanza.

Entende o señor Bello que parte da xeografía do noso país está a mudar nos últimos meses as ordenanzas neste sentido para actualizalas ás sensibilidades dos usuarios. Non poden demorar máis esta actualización, facendo as ordenanzas o suficientemente vivas e actualizadas ás necesidades dos usuarios e visitantes da cidade.

Por todo iso, e dado que as distintas ordenanzas observadas noutras cidades, estiveron a mudar nos últimos meses neste sentido, así como as sensibilidades expresadas polas usuarias e usuarios, a través das distintas canles de comunicación, traen ao pleno esta adaptación da ordenanza do servizo de transporte público.

Destaca que tralo estudo da actual ordenanza e o debate suscitado no consello de administración da sociedade municipal TUSSA é precisa unha coordinación entre as ordenanzas de tenenza de animais, aprobada no pleno do 27 de marzo de 2003, e publicada o 25 de xuño de 2003, en relación ao medio ambiente, e actual ordenanza de transporte urbano aprobada no ano 2005.

O señor Bello di que a actual ordenanza recolle no seu artigo 35.4, o seguinte texto:

“Non se permite o acceso ao autobús con ningunha clase de animais, agás os invidentes debidamente acreditados con can-guía”.

Propón a modificación deste punto de acordo co seguinte contido:

“35.4. Os invidentes poderán acceder ao autobús debidamente acreditados con can-guía. Así mesmo, poderase acceder con pequenos animais domésticos sempre que os

seus donos os leven en cestas ou gaiolas axeitadas, non produzan molestias polo seu olor ou ruído e non contraveñan o recollido nos artigos 35 e 36 da presente ordenanza.”

Continúa a sinalar o señor Bello que o que se pretende é dar cabida ás distintas situacións cotiás, atendendo e evitando danar a globalidade do servizo. Con esta modificación pretenden aumentar as posibilidades de cobertura do transporte público da cidade, eliminando factores de exclusión e potenciais usuarios da rede de transporte público.

Toma a palabra Dona Elvira Cienfuegos indicando que o grupo nacionalista entende que é unha modificación necesaria e oportuna. En primeiro lugar, porque noutros transportes públicos é posible realizar o transporte de animais domésticos ou de compañía nas condicións que aquí se plantexan. En segundo lugar, porque a formulación actual do artigo entraba en clara contradición coa vixente ordenanza de protección de animais domésticos. En terceiro lugar, porque o aumento de animais de compañía é significativo. En consecuencia, di que cómpre adaptar as normas ás novas necesidades.

Non cabe prever unha utilización intensiva do transporte público por persoas que porten animais. Isto vai evitar situacións puntuais, pero preocupantes, como a que desencadeou a demanda do número de persoas para cambiar a ordenanza.

Indica a señora Cienfuegos que queda por resolver un tema importante en relación ao autobús urbano, que é a accesibilidade; se ben é certo que non é só cuestión de ordenanzas, senón de adaptación da totalidade da flota ás necesidades das persoas con mobilidade reducida, e nomeadamente, ás usuarias de cadeiras de rodas.

Sinala que o BNG xa levou este tema fai meses ao consello de TUSSA e cren que cómpre avanzar decididamente ata a consecución da accesibilidade universal ao bus, polo que sería posible modificar a ordenanza no que a isto se refire. Entre tanto, entende que a modificación proposta é acaída e di que o grupo nacionalista valora moi positivamente que se fixese nunha linguaxe non sexista, á diferenza do resto do articulado da ordenanza que esperan que tamén se adapte a esa linguaxe nas seguintes modificacións que ven de anunciar o concelleiro. Remata dicindo que o BNG apoia a modificación.

Toma a palabra a señora Santullano para dicir que o grupo socialista vai votar favorablemente esta proposta do concelleiro delegado de seguridade e mobilidade. Agradece a vontade de modificar algunhas cuestións do texto na súa forma, non no seu fondo, en relación a mellorar a linguaxe sexista. Di que unha vez plantexado, o concelleiro tivo toda a boa vontade de traer un texto no que todos se sentisen máis cómodos.

Xa que logo de conformidade co anterior informe, e co Ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa reunión do 21 de abril de 2014, o pleno da corporación por 23 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG, e 2 abstencións correspondentes aos concelleiros que se ausentaron do salón de plenos, acorda aprobar inicialmente a modificación do artigo 35.4 da ordenanza do servizo de transporte urbano colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela que quedará redactado como segue:

“35.4. Os invidentes poderán acceder ao autobús debidamente acreditados co can-guía; así mesmo, poderase acceder con pequenos animais domésticos sempre que os seus donos os leven en cestas ou gaiolas axeitadas, non produzan molestias polo seu olor ou ruído e non contraveñan o recollido nos artigos 35 e 36 da presente ordenanza.”

O presente acordo someterase ao trámite de información pública polo prazo de 30 días, para os efectos de reclamacións ou suxestións. De non habelas entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

9. PROPOSICIÓN DO BNG PARA ARTICULAR MEDIDAS DESTINADAS AO MANTEMENTO DO PEQUENO COMERCIO E DOS ESTABELECIMENTOS EMBLEMÁTICOS CO REMATE DAS RENDAS ANTIGAS.

O grupo municipal do BNG presentou con data 11 de abril de 2014, a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de articular medidas, en consenso co sector, co obxectivo de garantir a supervivencia do pequeno comercio de carácter familiar e tradicional na fin da aplicación do réxime de renda antiga en xaneiro de 2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un destacado número de negocios da Cidade Histórica de Santiago de Compostela réxense por un aluguer son de renda antiga. A partir do 1 de xaneiro de 2015 todas as persoas que asinaron un contrato de arrendamento previo ao 5 de maio de 1985 e seguen, na actualidade, acollidas á denominada renda antiga deben actualizar os seus acordos de aluguer coas persoas propietarias. Será entón cando conclúa a aplicación da Lei de Arrendamento Urbano (LAU), modificada en 1985 co denominado Decreto Boyer. A LAU permitía a prórroga forzosa dos contratos de aluguer, unha cláusula que se perde ao remate deste ano, xa que o ministro Miguel Boyer dispuxo que a vixencia concluíse a finais de 2014.

Entre os obxectivos do Decreto de Boyer figuraba facilitar a rotación dos arrendatarios dos locais cando expirase o prazo de prórroga da renda antiga. Calculouse que para 2015 a maioría dos empresarios e das empresarias estarían en idade de xubilación, polo que unha nova xeración podería ter acceso a eses locais.

Nalgúns casos activáronse as negociacións entre persoas propietarias e comerciantes e habilitáronse diversas vías para garantir a continuidade destes contratos. Foron varias décadas nas que os locais puideron ser traspasados, subrogados e, en moitos casos, comprados polos propios arrendatarios. Historicamente os arrendatarios adoitaban comprarlles o local aos propietarios ou propietarias e convertéronse agora, nalgúns casos, nos que alugan a outros os seus locais logo de xubilárense.

En 1994 redactouse a nova Lei de Arrendamento Urbano, actualmente en vigor, e procedeuse a unha actualización de rendas co fin de as aproximar aos prezos reais do mercado. Desta forma, as diferenzas entre contratos de renda antiga e os actuais pasaron por unha transición suave, aínda que a continuidade de moitos negocios se vai ver afectada cando se aplique o prezo actual real do mercado en xaneiro de 2015.

Cómpre ter en conta que, de producirse un cambio no negocio, na maioría dos casos requirirase un acondicionamento para a súa adaptación á normativa vixente en materia urbanística para obter a pertinente licenza de actividade. De aí que deban traballar conxuntamente os servizos municipais de Promoción Económica e de Urbanismo se o interese último é evitar o peche de moitos pequenos comercios, bares e restaurantes da zona histórica de Santiago de Compostela.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Actualizar o censo de locais de renda antiga en Santiago de Compostela co obxectivo de ofrecerlles asesoramento.

Clasificar os establecementos emblemáticos da cidade cun marcado carácter histórico, patrimonial e artesanal co fin de brindarlles axuda para a súa protección e continuidade.

Articular medidas destinadas a aliviar as cargas estruturais engadidas dos pequenos e medianos comercios que nesta época de crise económica se vexan afectados pola fin das rendas antigas, en colaboración co tecido asociativo do comercio.

Demandar do IGAPE unha liña de crédito específica para favorecer a compravenda de baixos comerciais afectados polo remate de renda antiga destinados ao mantemento da actividade.”

Pola súa banda, o 23 de abril o grupo municipal socialista formulou unha emenda á anterior proposición do BNG, co seguinte contido:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- Instar o Goberno do Estado para que proceda á modificación da Disposición Transitoria Terceira da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos. Contratos de arrendamento de local de negocio, celebrados antes do 9 de maio de 1985 e outras medidas de apoio á actividade dos locais de negocio de renda antiga, para o que se propón:

1.- A modificación dos apartados 3 e 4, da letra B) da Disposición Transitoria Terceira da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos urbanos no seguinte sentido: “3. Os arrendamentos cuxo arrendatario fose unha persoa física extinguiranse pola súa xubilación ou falecemento, salvo que se subroga o seu cónxuxe e continúe a mesma actividade”.

2. Proponse a modificación do apartado 10, da letra E) da Disposición Transitoria Terceira da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos urbanos no seguinte sentido: “10. O arrendatario terá dereito, con carácter irrenunciable, a unha indemnización dunha contía igual a dezaioito mensualidades da renda do novo contrato cando antes do transcurso dun ano desde a extinción do mesmo calquera persoa comece a exercer no local a mesma actividade ou unha actividade afín á que aquel exercitaba. Consideraranse afíns as actividades tipicamente aptas para beneficiarse, aínda que só sexa en parte, da clientela captada pola actividade que exerceu o arrendatario.”

3.- Proponse a inclusión dunha Disposición Transitoria Primeira, do seguinte tenor: “O Consello de Ministros dará instrucións ao Instituto de Crédito Oficial (ICO), de acordo co previsto no artigo dous, 2 a) do Real Decreto Lei 12/1995, de 28 de decembro, para que abra unha liña de crédito para o traslado, reforma e adaptación de locais para empresas afectadas pola finalización da moratoria, durante a prórroga da mesma, en atención á situación de grave crise económica, asociada aos efectos do fin da moratoria contemplada na presente Lei”.

4.- Proponse a inclusión dunha Disposición Transitoria Segunda do seguinte tenor: “O Goberno, en colaboración coas Comunidades Autónomas, a Federación Española de Municipios e Provincias, o Consello Superior de Cámaras, a Sociedade Estatal Mercados Centrais de Abastecemento S.A. (MERCASA) e as principais Organizacións

Empresariais e Sindicais elaborará, no prazo de seis meses, un plan de protección integral do patrimonio comercial histórico propondo, con respecto ás competencias autonómica e locais na materia, as medidas que se consideren adecuadas a fin de preservar a identidade da paisaxe comercial urbana das nosas cidades”.”

Toma a palabra D. Rubén Cela e indica que o grupo municipal do BNG quere traer a este pleno un debate que consideran fundamental para o futuro inmediato de Santiago, especialmente na súa zona histórica, como é o remate das chamadas rendas antigas.

A partir do 1 de xaneiro de 2015, tódalas persoas que asinaron un contrato de arrendamento previo ao 5 de maio de 1985, e seguen na actualidade acollidas á denominada renda antiga, deben actualizar os seus acordos de aluguer coas persoas propietarias. Será entón cando conclúa a aplicación da Lei de arrendamentos urbanos (LAU), modificada en 1985 co denominado decreto Boyer. A LAU permitía a prórroga forzosa dos contratos de aluguer, cláusula que se perde ao remate deste ano, xa que o Ministro Boyer dispuxo que a vixencia concluíse a finais de 2014.

Entre os obxectivos do decreto Boyer figuraba facilitar a rotación dos arrendatarios dos locais cando expirase o prazo de prórroga da renda antiga. Calculouse que para 2015 a maioría dos empresarios e dos comerciantes estarían en idade de xubilación, polo que unha nova xeración podería ter acceso a eses locais.

En bastantes casos activáronse as negociacións entre persoas propietarias e comerciantes e habilitáronse diversas vías para garantir a continuidade destes contratos. Foron varias décadas nas que os locais puideron ser traspasados, subrogados e, en moitos casos, comprados polos propios arrendatarios. Historicamente os arrendatarios adoitaban comprarlles o local aos propietarios ou propietarias e convertéronse agora, nalgúns casos, nos que alugan a outros os seus locais, logo de xubilárense.

Segue a dicir o señor Cela que en 1994 redactouse a nova Lei de Arrendamentos Urbanos, actualmente a que está en vigor, e procedeuse a unha actualización de rendas co fin de aproximar os prezos reais aos do mercado. Desta forma, as diferenzas entre contratos de renda antiga e os actuais pasaron por unha transición máis suave, aínda que a continuidade de moitos negocios vaise ver afectada cando se aplique o prezo actual real do mercado, en xaneiro de 2015.

Cómpre ter en conta que de producirse un cambio no negocio, na maioría dos casos requirirase un acondicionamento para a súa adaptación á normativa vixente en materia urbanística, para obter a pertinente licenza de actividade. De aí que deban, ao seu xuízo, traballar conxuntamente os servizos municipais de promoción económica e de urbanismo, se o interese último é evitar o peche de pequenos comercios, bares e restaurantes da zona histórica de Santiago de Compostela.

Nese sentido dende o grupo municipal do BNG, son coñecedores de que dende a área de goberno correspondente se teñen realizado actuacións neste ámbito e se teñen previsto outras no futuro inmediato. Por ese motivo, dende o seu grupo queren suxerir algunhas máis que poidan reforzar ese traballo e minimizar as probables consecuencias negativas que o remate das rendas antigas puidera ter en Compostela.

En concreto, cren que esas medidas deberán pasar por tres aspectos:

- Mellorar a información e o asesoramento complementado o que xa se está a facer polo propio sector, tanto polas asociacións de comerciantes, como, máis recentemente, pola Cámara de Comercio. Ou ben como se lles anunciou no debate do orzamento deste exercicio, a través de convenios co Colexio de Avogados.

- Reforzar ou mellorar as canles de información, porque eles teñen detectado que segue a existir confusión sobre algún dos aspectos deste cambio normativo.

Intervén a continuación o representante do grupo socialista. Explica o señor Reyes Santiás que a vixente Lei de Arrendamentos Urbanos de 1994 impuxo unha moratoria para a finalización dos arrendamentos dos locais de negocio celebrados baixo a Lei de arrendamentos do 64, que lles concedía un prazo de vinte anos, a contar dende a entrada en vigor da actual lei, con só algunhas excepcións moi taxadas. O próximo 1 de xaneiro de 2015 cumprírase aquel prazo, o que supón a finalización da maioría destes contratos de arrendamento de locais, o cal conlevará, que centos de empresas e comercios consolidados de todas as cidades se vexan forzados a negociar un novo contrato de aluguer (cun probable incremento de renda), cando non a un traslado ou a un peche, polas deficiencias de liquidez no contexto actual de profunda e persistente crise económica e escasa actividade comercial.

Segundo algúns estudos realizados, entre o 5 e o 10 por cento dos establecementos mercantís están rexidos por un contrato de arrendamento anterior a 1985. É dicir, atópanse baixo esta moratoria legal a piques de finalizar. Di que están diante dunha realidade que pode afectar a máis de trescentos mil establecementos mercantís en todo o Estado, que por definición, ao levar máis de trinta anos, son establecementos arraigados e consolidados.

Fala tamén de case un millón de traballadores. O eventual peche ou traslado destas empresas ou comercios consolidados, non se verá significativamente compensado coa instalación de novas empresas, xa que a taxa de mortalidade das empresas de nova creación é moi elevada. Segundo estudos, o 80 por cento das empresas creban nos primeiros cinco anos. Ditas cifras estarían confirmadas polo emprendedor-21 da Caixa,

que advirte que as estatísticas falan de que máis do 70 por cento dos negocios, non chegan aos catro anos de vida.

Di que se pode temer razoablemente, que se produza un peche masivo de empresas consolidadas e viables, segundo os parámetros económicos actuais, para substituílas por empresas de nova creación que teñen unha alta porcentaxe de mortalidade nos primeiros anos, máis aínda, nunha situación de crise económica e de elevadísimas taxas de desemprego, que pode verse agravada e perpetuada no tempo se a actividade económica vese minorada pola finalización da moratoria cuestionada.

Afirma o señor Reyes que non están unicamente diante dun problema só económico, senón tamén social e urbanístico, pois o peche masivo de empresas localizadas nestas áreas das cidades, podería provocar unha desertización dos centros históricos, e a súa posterior degradación urbanística, ou un desequilibrio descompensado na oferta comercial urbana, coa competencia de comercios emerxentes proclives a ocupar máis espazo que aquel que sería razoable, dende o punto de vista dunha ordenación feita a medida das necesidades da poboación urbana.

Neste sentido di que o Ministerio de Industria declarou xa no ano 2007, que as PEMES localizadas nos centros urbanos son as máis afectadas por esta medida, mentres que o secretario xeral de CONFESPA advertiu da posible degradación dos centros históricos, de producirse a diáspora do pequeno comercio.

Non se pretende sen máis protexer a unha parte contractual fronte á outra, senón procurar que a inevitable transición dende un modelo proteccionista cara a un modelo de mercado, se produza nas condicións máis favorables para a supervivencia do tecido empresarial e especialmente, do comercio de proximidade.

Aínda que a finalidade do lexislador do ano 94 era acabar cunha distorsión que existía no mercado de arrendamentos de locais e que debía, en xustiza, ser corrixido, pouco podía prever sobre a situación económica que atravesaba o noso país a escasos meses da finalización da moratoria.

Di que están diante dun conflito de intereses: por unha banda, os do arrendador, quen ten dereito a recuperar a posesión do seu inmovible, así como a conseguir a máxima rendibilidade posible da súa propiedade e, doutra, o interese do arrendatario en continuar coa súa actividade económica nunhas circunstancias que fagan a súa empresa viable. Ese conflito de intereses queda composto de xeito aparentemente equilibrado coa transición retardada grazas á moratoria que agora acaba.

Comprenden que o interese do propietario non pode sacrificarse infinitamente. Indica que a mobilización de recursos que require a reintrodución dos alugueres de locais nun

mercado liberalizado, incluídos os altos custos de xestión do complexo mecanismo do dereito de tanteo concedido por un ano ao arrendatario, en caso de arrendamento por terceiros, aconsellan pospoñelo por un período adicional, no que todo parece indicar que a situación económica do país retomará un rumbo de moderado crecemento, capaz de permitir unha aterraxe máis suave dos alugueres aos que se vai privar da protección legal.

O señor Reyes continúa a súa exposición e apunta que tamén se fan necesarias algunhas modificacións esixidas pola aplicación de principios de equidade. Neste sentido, cómpre unha mellor compensación do fondo de comercio, derivado da correcta explotación dun negocio-local largamente arrendado, do que non pode, sen máis, apropiarse o arrendador, pola extinción do arrendamento, no seu exclusivo beneficio ao cambiar as rendas de mercado, bastándolle con indemnizar con referencia ás rendas actualmente vixentes. Di que, en efecto, non é o mesmo o valor dun local baleiro durante trinta anos, ou que sufriu moitos cambios de actividade sen consolidarse ningunha, que un local onde se veu exercendo unha actividade económica de forma continuada dende hai máis de trinta anos; tendo ademais, en conta que esa actividade económica revalorizou o local e por extensión, a zona comercial na que se asenta, facéndoa máis rendible.

Considera que é preciso introducir algún mecanismo para facer ao arrendatario partícipe dese enriquecemento, e propón que a indemnización por clientela - no caso de abandono forzoso do local polo antigo arrendatario - sexa calculada sobre a renda do novo contrato, para que o arrendatario poida participar nese aumento de valor do local, consecuencia da súa actividade económica exercida durante máis de trinta anos.

Entende que o mantemento do emprego debe ser o obxectivo final de toda a acción política, e máis nas circunstancias actuais, como son a crise económica, o descenso do consumo das familias, a falta de financiamento das empresas ou as altas taxas de desemprego. Por esta razón, reitera o deber de ter en conta unha situación que non puido preverse no ano 94, e que xustifica un cambio normativo para adaptar a lei á mesma. Precisa, neste sentido, que a lei non é un valor absoluto, senón un instrumento ao servizo da realidade.

Por iso é polo que, co menor custo posible para a seguridade xurídica, propoñen unha modificación do punto final dun réxime transitorio que consideran imprescindible para non prexudicar, aínda máis, ás PEMES, ao comercio de proximidade e á economía en xeral. Xunto con esta medida, propoñen tamén na emenda que lle presentan ao Bloque Nacionalista Galego, outras dúas actuacións de carácter complementario dirixidas a potenciar igualmente o comercio minorista. Instar, por un banda, ao Goberno do Estado á apertura dunha liña de crédito do ICO para o traslado, reforma e adaptación de locais, á que poidan optar os comercios afectados pola finalización da moratoria, e, por outra banda, a que, en colaboración coa administración competente e cos axentes sociais

implicados, se elabore o máis axiña posible un plan de protección integral do patrimonio comercial-histórico das cidades no que a rendibilidade económica da actividade comercial non impida o mantemento e fomento da riqueza cultural e patrimonial.

Toma a palabra a dona Reyes Leis. Saúda e comeza a súa intervención lembrando aos presentes que se está a falar dunha norma que leva dende o ano 85 en vigor; unha norma que xa se sabe fai máis de vinte e trinta anos, que ía acontecer.

Precisamente todo ese tempo que se deu, como xa recoñeceu o señor Reyes Santiás, era para adaptarse a esa situación. Cre que é un tempo máis que razoable para que unha persoa poña o seu local ao prezo de mercado, e que o arrendador cobre o que lle corresponde por ese local, xa que el tamén ten unha propiedade pola que ten dereito a percibir, pola que paga os impostos que na meirande parte dos casos, son moi superiores á renda que percibía por ese aluguer.

Por iso apunta que non cren oportuno votar a favor desta proposta e ademais, porque hai varios datos nas propostas do Grupo Socialista que quere corrixir. En primeiro lugar, sinala que hai un censo xa feito do ano 2009, que o BNG debería de coñecer, e que nel non hai ningún local posterior a 2009 que se poida incorporar a este problema.

Nese censo aparecen 41 locais, o que non é unha cifra de escándalo. Relata tamén que nos últimos anos se fixeron moitísimas actividades por parte do concello, da administración autonómica e a administración central para asesorar e facilitar ese tránsito á regulación do prezo de mercado.

Sinala que a porcentaxe que proporcionou o BNG do 60 por cento non ten para nada que ver coa realidade, e que moito máis preto está o grupo socialista, que di que está no 15 por cento, sendo estes os mesmos datos da Asociación do Comercio do Casco Histórico, que sitúa dita cifra nun 15 por cento. A eles, referíndose ao seu grupo, di a Sra. Leis, que lles saen máis ou menos, preto dun 7 por cento. Explica que ese dato se debe a que nesa enquisa de 2009 hai 415 comercios que se negan a responder a aquela pregunta en concreto, e por iso, na enquisa que se fai no 2012, xa non se incorpora a pregunta, porque xa non hai novidades ao respecto, e porque prefiren profundizar noutro tipo de cuestións.

Saben, porque faláron con varios da lista, que dos 42 locais que estaban nesa situación no 2009, por exemplo, a casa dos queixos xa non está, porque ten xa unha situación regularizada; viaxes Vitoria xa arranxou a súa situación o ano pasado, e así varios máis cos que faláron e trataron o temas nos últimos dous anos, porque xa sabían que chegaría o final de 2014, e se produciría esta situación.

Verbo da proposta do BNG, retruca que o censo xa existe e non é necesario volver a facelo. Insiste en que tiveron trinta anos para regularizar esta situación. Están, ademais, nunha situación de desvantaxe respecto do resto dos comerciantes, o resto dos emprendedores, porque teñen que seguir apoiando a un comercio que leva vinte ou trinta anos cunha vantaxe moi importante con respecto ao veciño que ten ao lado, ou enfronte. Opina que é inxusto pagar un alugueiro moi diferente, que en moitísimo casos supón un abandono por parte dos donos dese local en canto a investimentos. Cre que esa situación xa está máis que regularizada por parte dos propietarios.

Refírese a que tiveron unha reunión hai dous meses coa directora xeral de comercio da Xunta para saber cales eran as medidas que ía tomar a Dirección Xeral respecto disto e comentoulles que tiña unha liña de asesoramento e financiamento para asesoramento xurídico, que era o que eles tiñan previsto facer. Por iso, entenderon que non debían facer duplicidade nese sentido, porque non era o momento de duplicar servizos na administración pública, senón de racionalizar, e emprazaron a asinar un convenio, que se está a preparar, para poder achegar aos poucos comercios - que calculan que deben ser unha decena - esa proposta de asesoramento xurídico na Dirección Xeral de Comercio. Conclúe dicindo que, polo tanto, van votar en contra, porque como explicou, neste momento non lle ven sentido a tomar esas decisións.

O señor alcalde toma a palabra e indica que hai unha emenda do Grupo Municipal Socialista. Di que é o momento de expoñela para saber se o grupo propoñente a acepta.

Don Rubén Cela sinala que a emenda do Grupo Socialista ten catro apartados e que eles aceptarían como incorporación os tres primeiros, non o cuarto.

Don Francisco Reyes Santiás di que eles aceptan ese plantexamento do BNG, e anuncian o voto favorable, entón á proposición do BNG.

O señor alcalde pregunta ao grupo socialista e ao BNG se queren facer uso da segunda quenda.

Don Rubén Cela toma a palabra e precisa que el non tiña coñecemento dese servizo de asesoramento da Xunta de Galiza, pero parécelle razoable que, no caso de que exista, se asine un convenio de colaboración entre o Concello e a Xunta, e que non se opte pola partida que había nas bases de execución do orzamento de subvencións nominativas ao Colexio de Avogados para un asesoramento directo.

Con respecto á intervención da concelleira, sinala que en ningún momento faláron, na proposta que fixeron, da ampliación dese período de prórroga, que cre que certamente é un período razoable de tempo para que as cousas se adaptaran, e que polo tanto, crea certas distorsións. Refírese a que este é un momento especialmente delicado, cunha

situación socioeconómica na que moitísimos pequenos comerciantes, moitísimos autónomos, están coa auga ao pescozo, e calquera lixeiro incremento nos gastos fixos pode ser determinante á hora de seguir abertos ou pechar. Por iso cre que é algo ao que debe prestárselle atención, entre outras cousas, porque un dos cambios que levará isto parello, especialmente pola repercusión que se prevé teña na zona histórica de Santiago, é que quen veña a iniciar unha nova actividade terá que adaptarse á normativa vixente en materia urbanística, xa que moitos deses locais hoxe, non a cumpren, aínda que poidan exercer a súa función. Indica que iso pode ser outra complicación.

Lembra o señor Cela que eles o que pedían eran basicamente tres cousas:

Mellorar as canles de información. Ao respecto di que unha parte si pode ser ese servizo de asesoramento, pero que teñen detectado, coa última charla que realizou a Cámara de Comercio, un número importante - incerto - de comerciantes demandando información. Indica que hai temas que son un pouco máis escabrosos, como esa compensación de dezaioito mensualidades no caso de que o arrendatario novo siga coa mesma actividade comercial que tiña o anterior arrendatario. Di que, sobre eses temas, existe confusión entre os propios comerciantes, e que se debe clarificar na medida do posible.

En segundo lugar, pedían a maior protección para algúns locais emblemáticos ou que sexan de especial importancia para historia e para a actividade da cidade. Apunta que non é novo, xa que en París distinguíronse 125 comercios de diferente índole como bens culturais protexidos. Alí valorábase a súa antigüidade, a actividade comercial que desenvolvían, ou incluso o interese que podían ter dende unha perspectiva artesanal ou incluso arquitectónica. Roma foi moito máis aló, xa que algúns comercios especialmente interesantes para o goberno municipal declaráronse directamente bens culturais protexidos.

A terceira cousa que pedían era unha liña de axuda ou financiamento. Eles falaban no caso concreto do IGAPE e na emenda do grupo socialista falan do ICO. Cre que serían compatibles, e que sería positivo para o pequeno comercio de Santiago.

O señor Reyes, pola súa parte, sinala que son conscientes de que os comerciantes nestes momentos teñen outras preocupacións, ademais do que vai acontecer coa lei de arrendamentos urbanos. A preocupación maior vén determinada polos datos da diminución do consumo. Tamén son conscientes de que a idade media de moitos dos comerciantes xa é relativamente elevada. Refírese a eses locais de negocio nos que, probablemente, poida coincidir a finalización da moratoria coa chegada do momento da súa xubilación. Destaca tamén que, en moitos casos, os descendentes deses comerciantes teñen outros obxectivos profesionais e, polo tanto, non van dar continuidade ao negocio familiar. De todo isto son conscientes, pero di que non é menos certo, que existen riscos para o sector vinculados ao vencemento destes prazos que

establece a Lei de Arrendamentos Urbanos do ano 94, factor que vai engadir dificultades á complicada situación do comercio de proximidade no momento presente, tanto na nosa, como noutras cidades.

No caso de rendas que non están actualizadas a prezo de mercado, indica que moitos empresarios están a considerar como moi pouco probable poder afrontar unha subida significativa da renda, pois as marxes de negocio atópanse neste momento moi axustadas. Este feito tería unha importancia máis relativa de se tomar de forma illada, pero na situación actual, onde se impón un descenso do consumo, eles entenden que fai especialmente necesario seguir apoiando aos empresarios do comercio para manter os seus negocios.

Di que un dato relevante nas asociacións é que a maioría dos asociados teñen a condición de persoa física, polo que o seu contrato vai finalizar no momento de producirse a xubilación ou falecemento do titular, sendo difícil que se poida producir a subrogación.

Continúa o señor Reyes a dicir que entenden que as medidas fundamentais son o apoio a través da apertura do crédito do ICO, e tamén esa nova moratoria, por mor da situación especial que neste momento esta a vivir o noso comercio, pola crise económica.

Coñecen outras experiencias, por exemplo, no Concello de Barcelona, que ten unha listaxe de establecementos históricos especialmente protexidos, ou Baracaldo, que plantexa, entre outras cousas, crear a bolsa de establecementos en proceso de traspaso, e poñela en coñecemento dos novos emprendedores cos seus proxectos de negocio, para que, ao mellor, poidan facerse cargo dos locais de negocio que poden agora quedar baleiros. Conclúe dicindo que van votar a favor da proposición do BNG, e particularmente coa aceptación da emenda.

O señor alcalde cede a palabra a dona Reyes Leis.

A señora Leis opina que non é de xustiza que a quen leva pagando, por exemplo, 400 pesetas por un alugueiro durante máis de trinta anos, se lle diga que cando teña que abandonar o local, vai percibir unha indemnización de dezaioito meses a prezo de mercado actual. É dicir, se el pagou moi pouco por ese local, non é xusto que o propietario lle teña que pagar unha indemnización por uns cartos que el non pagou; que non se lle pode pedir que pague cen mil pesetas, cando pagou catrocentas. Opina que esa indemnización está totalmente desaxustada. Dita situación non é xusta para ningunha das partes, tampouco para os emprendedores que están a facer un negocio neste momento, montándoo ao lado dunha persoa que ten unhas condicións moi favorables dende hai moito tempo.

Verbo da listaxe de comercios afectados, só atopa un que teña realmente relevancia histórica que é a sastrería Pepecillo. Di que con Pepecillo faláron e dixo que el tiña practicamente resolto este tema e que non lle afectaba para nada. Cre que a maior parte da xente aproveitou o ano 2013 para rematar este tipo de negociacións e poñer o negocio a nome dunha persoa xurídica, incluso, a nome dun herdeiro ou doutra persoa á que lle vai traspasar. Por iso, non cren necesarias ese tipo de medidas ao marxe das que xa se están a adoptar, como falar con todos eles ou facer asesoramento dende hai dous anos.

En canto ás liñas do IGAPE e do ICO, di que son liñas ás que poden acudir, exactamente igual que calquera outro emprendedor, ou calquera outro empresario. Son temas empresariais puros e duros nos que tampouco debería entrar o goberno para discriminar.

Pode admitir, aínda que illado da proposta, que se poida facer un listado de locais históricos. Por desgraza, di que non van ser demasiados, porque poucos quedan xa que protexer, ao marxe da sombreiraría, Pepecillo e dous ou tres máis. Reitera que é posible facer esa listaxe e traela como proposta noutro pleno.

Conclúe dicindo que non entenden que haxa necesidade, nin que haxa demanda por parte dos comerciantes neste sentido, ao igual que llelo trasladaron dende a asociación de comerciantes do casco histórico, que teñen tamén unha liña de colaboración co seu propio comercio para asesorar neste sentido. Por iso di que votarán en contra da proposta.

Rematado o debate, e sometida a votación a proposición reseñada no epígrafe esta queda rexeitada por 12 votos en contra correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ANTEPROXECTO DA LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL.

O presente punto se retira da orde do día.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao pleno das resolucións do señor alcalde e das concellarías delegadas ditadas no período que abrangue dende o 11 de marzo ata o 7 de abril de 2014 (núms.1732 ao 2490).

Dase tamén conta ao pleno das seguintes actas da Xunta de Goberno:

- Sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2014 (núm. 15).
- Sesión extraordinaria urxente do día 11 de marzo de 2014 (núm. 16).
- Sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2014 (núm. 17).
- Sesión ordinaria do día 20 de marzo de 2014 (núm. 18).
- Sesión extraordinaria urxente do día 24 de marzo de 2014 (núm. 19).
- Sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014 (núm. 20).
- Sesión extraordinaria urxente do día 27 de marzo de 2014 (núm. 21).
- Sesión ordinaria do día 3 de abril de 2014 (núm. 22).
- Sesión extraordinaria urxente do día 4 de abril de 2014 (núm. 23).

12. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

- 1. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 82, solicitando cumprir o regulamento do uso do galego.**
- 2. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 83, solicitando unha actuación global para mellorar a rúa Bermejo.**

PREGUNTAS.

- 1. Rexistro de entrada do día 26 de marzo de 2014, núm. 66 (para a súa resposta por escrito), relativa a facturas detalladas dos actos do día internacional da familia de 2012 e 2013.**
- 2. Rexistro de entrada do día 2 de abril de 2014, núm. 72 (para a súa resposta por escrito), en relación á construción do Centro Galego de Desenvolvemento Integral construído en Salgueiriños.**
- 3. Rexistro de entrada do día 7 de abril de 2014, núm. 73 (para a súa resposta por escrito), en relación ás árbores situadas a carón da cafetería que se está a construír na Alameda.**
- 4. Rexistro de entrada do día 8 de abril de 2014, núm. 75 (para a súa resposta por escrito), en relación á ocupación da Praza de San Clemente por parte da empresa que esta a levar a cabo a reforma da rúa Raxoi.**

5. Rexistro de entrada do día 11 de abril de 2014, núm. 79 (para a súa resposta por escrito), en relación á liquidación do orzamento do exercicio de 2013.

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.

ROGO.

1. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, núm. 53, solicitando intervención na vivenda de Campo de San Antonio, núm. 14.

PREGUNTAS.

1. Rexistro de entrada do día 15 de abril de 2014, núm. 81 (para a súa resposta por escrito), en relación a última xuntanza da Comisión de Patrimonio da Cidade Histórica.

2. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 88 (para a súa resposta por escrito), co fin de coñecer o paradoiro da placa de 1925 que certifica a adhesión do antigo Concello de Conxo ao de Santiago de Compostela.

Intervén o señor alcalde para indicar que hai dous rogos do BNG e un rogo do grupo socialista.

Toma a palabra o Sr. Vilar e indica que onte a concelleira de normalización presentaba un concurso para promover a publicidade comercial en galego, unha iniciativa interesante, que busca promover o galego nun ámbito complicado, no ámbito socio-económico. Di que dende o grupo nacionalista entenden que iniciativas destas características que teñen o seu interese, quedan absolutamente difuminadas ou perden eficacia por moitas outras actuacións do goberno municipal, onde o galego é practicamente testimonial ou inexistente.

Lembra que o galego é a lingua propia e oficial deste concello, que ademais é a capital de Galicia. Desá responsabilidade tamén derivan unha serie de compromisos, como os plasmados no Regulamento de uso do galego que está en vigor no concello dende fai quince anos. Eles veñen detectando e mesmo recibindo queixas, porque eses compromisos ou responsabilidades ao respecto da lingua se convirten en papel mollado.

Indica que un goberno municipal debe ser exemplar no uso da lingua. Destaca que en moitas ocasións edís do goberno municipal en funcións propias do seu cargo, non utilizan practicamente nunca o galego. Tamén reciben queixas sobre a atención telefónica e mesmo presencial con interlocutores galego-falantes, nas que tampouco reciben esa atención en galego. Xérase bastante documentación en castelán. Mesmo

hoxe di que parte da documentación que chegou ao pleno, parte da documentación estaba en castelán. Tamén pasa coas publicacións, contravindo o regulamento do uso do galego existente.

Destaca que hai departamentos, e mesmo empresas municipais onde o uso do galego é practicamente residual. Con este rogo non pretenden nin afezar a súa conducta, nin darlles ningún tirón de orellas, o que perseguen é chamar a atención respecto do compromiso que deberán ter como goberno municipal, coa lingua propia deste país.

Toma a palabra Dona Rebeca Domínguez e precisa que, sen dúbida, a maioría da comunicación municipal sexa formal, informal, oral ou escrita faise en galego. Indica que o Sr. Vilar non foi explícito, polo que non sabe a que documentación ou a que actividades se refire. Polo que respecta aos parques infantís, respecto dos que segundo o Sr. Vilar, está en castelán a sinalética, indica que onte á tarde estivo a comprobalos.

Relata que estivo en Ramírez, na Praza de Vigo e na Praza Roxa; e comprobou que nos carteis ubicados neles: horarios, normas de hixiene, área biosaúdable, coa explicación de todas as actividades, non hai absolutamente nada en castelán. Incluso figura o sistema braille en galego nos dous parques. Pode que haxa algún erro, porque todos cometen erros, pero, en todo caso, non cre que iso lle reste presenza ao galego.

Tamén sinala que hai erros na páxina web para a que o Sr. Vilar traballa como técnico de normalización lingüística. Lémbrale ao Sr. Vilar que el xurou a Constitución e que existe unha lei, a Lei 1/81, chamada Estatuto de Autonomía de Galicia, e a Lei 3/83 de normalización lingüística que establece no seu artigo 2, que os poderes públicos garantirán o uso normal do galego e castelán, ambas linguas oficiais na Comunidade Autónoma.

O señor alcalde intervéen para indicar que hai outro rogo do grupo nacionalista para mellorar a Rúa Bermejo.

Intervén Dona Elvira Cienfuegos quen apunta que o BNG ten recibido máis dunha vez, dende a propia veciñanza da rúa e dende a asociación a demanda dunha intervención nesta rúa, tanto no que se refire aos problemas derivados da rotura continuada do saneamento, como ao perigo polas condicións e a estreitura que a rúa ten para os viandantes e para a seguridade cidadá. Apunta que seguro que o goberno municipal é coñecedor desas demandas polo miúdo.

Relata que a veciñanza pide a eliminación do noiro da curva, a mellora da seguridade para manter o ancho da calzada, ou o asfaltado, etc. Eles entenden que é xusta a demanda e que convén unha intervención global que dea resposta aos problemas que afectan a esta rúa, nomeadamente, aos problemas derivados do saneamento, pero tamén

ás cuestións relativas á seguridade viaria para peóns e vehículos cando teñen que convivir no mesmo espazo, con estreiteiras que dificultan ese paso.

Intervén don Juan de la Fuente para responderlle á señora Cienfuegos e dille que chega tarde, xa que está a falar dunha rede de saneamento. Neste sentido alude a un informe de Viaqua. Di que Viaqua é a empresa que leva o saneamento máis a auga, e segundo ela non lle constan datos, nin problemas, polo que entende que debe ser un erro no escrito. O que rompe alí son os canos de auga que son de fibrocemento e que están feitos dende fai máis de trinta anos. Sinala que cando a empresa SACYR, fai seis ou sete meses, se puxo en contacto con eles, acompañárona, foron a esa rúa, e entre o que os veciños lle propuxeron estaba que non tiñan rede de auga, nin tampouco tiñan rede de gas, e que era moi necesaria.

Indica que se puxo en contacto coas empresas: VIAQUA, con Gas Natural e coa mesma SACYR, e chegaron a un acordo sen custo ningún para o concello. O único que falta é asfaltar, porque SACYR ten que rematar alí unhas pequenas cousas nos colectores e cando acaben asfaltarase, sen custo para o concello. Indica que se comezou a obra o día 8 e a Sra. Cienfuegos meteu o rogo por rexistro o día 16.

O señor alcalde dá paso ao seguinte rogo do grupo socialista, para a intervención na vivenda do Campo de Santo Antonio, núm. 14. O citado rogo tratarase na vindeira sesión.

A seguir indica que hai preguntas para resposta por escrito do grupo nacionalista, e dúas do grupo socialista que se contestarán e se lles dará resposta tamén por escrito.

13. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 84, en favor das persoas vítimas da estafa de participacións preferentes e subordinadas

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, en defensa das persoas estafadas coas participacións preferentes e subordinadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de decembro de 2013, o Goberno español presidido por Mariano Rajoy, a través do FROB, autorizou a privatización de Novagalicia Banco, principal entidade financeira galega que quedaba en pé e que xestiona o 40% do aforro dos galegos e galegas,

entregando a entidade, que previamente fora nacionalizada e rescatada con 9.000 millóns de euros de diñeiro público ou avalado polo Estado, a un pequeno banco venezolano pola irrisoria cantidade de 1.000 millóns de euros a pagar en cómodos prazos de aquí a 2018.

A pesar de que hai ano e medio, en plena campaña das eleccións galegas, o daquela candidato e actual presidente da Xunta, o Sr. Feijóo, afirmaba publicamente que se ía buscar unha solución para resolver a estafa das preferentes e subordinadas, hoxe, ás portas dunhas novas eleccións, o problema segue sen resolverse, pois aínda quedan por devolver 500 millóns de euros a 35.000 persoas. En todo este proceso, o Sr. Feijóo, nin buscou a solución prometida nin se molestou en que no contrato de venda de NGB se recollese a devolución dos seus aforros a todas as persoas estafadas. Ante isto, resulta indignante a irresponsabilidade e a postura do presidente da Xunta que se declara “tranquilo e satisfeito polo desenlace” da venda de NGB.

Desde as Plataformas intentaron reiteradamente entrevistarse cos responsábeis do Goberno do Estado e da Xunta para buscar unha solución xusta e definitiva a esta millonaria estafa, mais estes non accederon a manter unha xuntanza.

Só na provincia de Pontevedra, as multas por manifestarse reclamando na rúa e nas institucións que lles devolvan os aforros roubados coas preferentes e subordinadas, suman xa máis de 16.000€ Trátase de sancións manifestamente arbitrarias e inxustas que só poden ser entendidas como un intento dos gobernos do PP de amedrentar ao colectivo e coaccionalos para que cesen nas súas protestas pacíficas.

O futuro dono de NGB entrou prometéndolles ás persoas afectadas unha solución en 90 días. O prazo xa venceu e o Sr. Escotet non deu ningunha solución. Alegou como escusa que aínda non era dono efectivo do banco e prometeu que o faría antes do 31 de maio.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte

ACORDO

1º. O Concello de Santiago acorda dirixirse aos portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados e no Senado, para demandarlles que presenten e apoiem cando se debata nestas institucións, a Proposición de lei aprobada por unanimidade no Parlamento galego, na que se demanda a reforma da Lei 9/2012, de 14 de novembro, para eximir de quitas ás persoas aforradoras que as entidades bancarias lles colocaron participacións preferentes e obrigas subordinadas.

2º.- O Concello de Santiago valorará a procedencia de retirar as contas que ten na entidade bancaria Novagalicia Banco, se o futuro dono desta entidade, o señor Escotet, non cumpre a súa promesa de dar unha solución ás miles de persoas estafadas polo banco con preferentes e subordinadas, no momento en que acredite e asuma ser o novo propietario de Novagalicia Banco.

3º.- O Concello de Santiago condena publicamente a represión que están a sufrir as persoas estafadas polas participacións preferentes e subordinadas mediante sancións administrativas irregulares e cheas de falacias, e se dirixa ao Delegado do Goberno en Galiza instándoo a que retire ou archive as ditas sancións administrativas.

2. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 85, para demandar a rebaixa do 21% de IVE que se aplica ao sector de salóns de peiteado

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para demandar a rebaixa do IVE que se aplica ao sector de salóns de peiteado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector de salóns de peiteado, entre outros, veuse prexudicado pola aplicación do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, acordado polo goberno do PP no Estado español, que modificou o seu carácter de sector beneficiado pola aplicación dun IVE reducido, pasando do 8% que se aplicaba até o desorbitado imposto do 21%.

Este sector, de importante actividade económica, xera moitos postos de traballo e posúe un gran dinamismo. Nestes momentos o sector encóntrase lastrado non só polas consecuencias da profunda crise económica senón pola medida antisocial adoptada polo goberno do PP de incrementar o IVE abusivamente, unha medida que as persoas deste ámbito laboral padecen desde hai case dous anos.

O BNG xa presentara no Congreso dos Deputados unha iniciativa o 11 de setembro do ano 2012 para manifestar a súa oposición a aquel incremento brutal do IVE no referido aos salóns de peiteado e agora volvemos novamente a manifestar a nosa oposición a esta medida e a demandar do goberno do PP no Estado español a rebaixa do IVE. Facémolo tal como demanda o sector e as traballadoras e traballadores que se ven afectadas por este drástico imposto e que están a manifestar nas rúas as súas protestas e a reivindicación de rebaixar o imposto do 21%.

A gravidade do feito está a provocar o peche de moitos establecementos, a perda de postos de traballo e a perda de clientes pola contención do consumo pola forte suba final do prezo nas perruquerías.

As nefastas consecuencias económicas dese aumento porcentual do 13% do IVE nesta actividade xa levaron a persoas afectadas pola medida a manifestaren o seu malestar en varias cidades como A Coruña, Vigo, Lugo ou Ourense, coa entrega de sinaturas nas delegacións da Axencia Tributaria en contra do 21% do IVE.

O sector, desde o primeiro momento, tomou a decisión de asumir o IVE sen repercutilo na clientela, unha decisión que finalmente tivo o efecto perverso de provocar o peche de centos de salóns de peiteado e estética, coa conseguinte eliminación de centos de postos de traballo, que afecta ademais a un sector formado na súa maioría por persoas autónomas.

Este feito provocou tamén o aumento exponencial da economía somerxida e aqueles que aplican o desmesurado IVE do 21% acaban tendo graves problemas económicos, mentres crecen os negocios ilegais de ámbito doméstico. En resumo, hai que cuestionar a pretendida recadación por IVE, xa que por unha banda pechan establecementos e pola outra medra a economía somerxida.

Segundo os datos do sector, o pasado 2013 pecharon 8.000 salóns de perruquería e estética no conxunto do Estado español, e as previsións indican para este ano preto de 6.000 negocios.

Para alén disto, as ameazas que desprende o informe de reforma fiscal do chamado comité de expertos auguran o intento de novas subas do IVE de até o 23%.

Tamén hai que lembrar que o IVE reducido neste sector comezou a aplicarse con carácter inicial experimental e temporal no ano 2000, tras modificar a lei do Imposto sobre o Valor Engadido e, despois de sucesivas prórrogas, rematou por se converter en definitiva no ano 2010.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.

2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do

Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

3. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 86, polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social, paralización dos desafiuzamentos e impulso dunha lei galega de vivenda

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, polo dereito a unha vivenda digna, alugueiro social, paralización dos desafiuzamentos e impulso dunha lei galega de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e a carencia de leis que defendan o dereito constitucional das persoas a unha vivenda digna están a provocar miles de desafiuzamentos que constitúen un drama social sen precedentes.

A ausencia de controis públicos permitiulle á banca a concesión abusiva de créditos hipotecarios e moitas persoas afectadas pola crise viron como a voracidade bancaria embargou as súas vivendas e, por riba, continuarán a lle deber ao banco, porque entregar a vivenda –coa lexislación hipotecaria vixente que consolida os privilexios da banca- non supón eliminar a débeda. Cómpre lembrar que o sector financeiro recibiu miles de millóns de diñeiro público para sanear a súa nefasta xestión, entre elas as consecuencias das súas aventuras na construción, que a burbulla inmobiliaria foi un dos factores da crise, e que goza de total permisividade pola ausencia de leis que impidan as execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras.

A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado, negando o dereito fundamental a un teito que acolla as persoas e permita que se desenvolvan socialmente. Por iso calquera desafiuzamento é simplemente unha agresión.

Os poderes públicos converten en papel mollado a Declaración Universal de Dereitos Humanos ou o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que recoñecen, entre outros, o dereito de toda persoa a unha vivenda, e mesmo o artigo 47 da Constitución de 1978 establece o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

Hoxe, as galegas e os galegos, a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular referendada por miles de sinaturas, están a demandar do Parlamento de Galiza a aprobación dunha proposición de lei que contribúa a garantir na Galiza o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna e adecuada, fomentar o acceso universal a unha vivenda habitábel e a paralizar todos os desafiuzamentos no noso país, favorecendo o alugueiro social e

impulsando unha lei galega de Vivenda que promova o uso das vivendas baleiras ou deshabitadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Apoiar e asinar a Iniciativa Lexislativa Popular a prol de garantir na Galiza o dereito fundamental a unha vivenda digna e da protección dos colectivos sociais máis vulnerábeis, que aborde:

- A paralización dos desafiuzamentos, así como favorecer o alugueiro social.
- A creación dun parque galego para a xestión de vivendas baleiras e a posta en marcha dunha axencia pública de alugueiro.
- A expropiación das vivendas a bancos, filiais inmobiliarias e outras persoas xurídicas que posúan as vivendas das persoas físicas que estean en proceso de execución ou embargadas por mor dunha situación sobrevida derivada da fonda crise económica.
- A paralización inmediata dos desafiuzamentos e do establecemento opcional da dación en pagamento.

2.- Colaborar na recollida de sinaturas de apoio a esta Iniciativa Lexislativa Popular.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

4. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 87, para acondicionar a zona onde se celebrou o Banquete de Conxo

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do concelleiro Rafael Vilar e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á restauración da zona do belvedere no barrio de Conxo.

EXPOSICIÓN DOS MOTIVOS

O Banquete democrático de Conxo decorreu o 2 de marzo de 1856 en Conxo, naquela altura concello e hoxe barrio de Compostela. Estudantes e artesáns reuníronse nun encontro a iniciativa de Aurelio Aguirre que tivo unha ampla repercusión en Galiza. No

xantar participaron Aguirre, Pondal, Manuel Murguía, Rodríguez Seoane e mesmo se di que Rosalía de Castro. O anuncio dun xantar de estudantes e artesáns de claras tendencias democráticas e compromiso coa Terra xerou arrepíos na Compostela máis conservadora.

O xantar tiña como finalidade facer un encontro fraternal entre estudantes e obreiros. O acto foi censurado polas autoridades desde o seu anuncio, enriba dos organizadores caeron excomunións da xerarquía relixiosa, nunha época na que isto era unha condena pública. Seica as “damas compostelás poñían velas aos santos” temendo unha repetición do que pasou en París en 1848, onde a insurrección comezou cun banquete semellante. A carballeira estivo rodeada por soldados mentres durou o xantar. As verbas máis fortes foron as de Pondal, tan clerical posteriormente. Denunciados por sediciosos, Pondal e Aguirre foron ameazados con ser deportados ás illas Marianas no océano Pacífico.

Parece ser que o emprazamento escollido para o Banquete foi unha carballeira próxima ao belvedere, lugar situado no límite da finca actual do Psiquiátrico de Conxo. Hoxe atopámonos cunha zona abandonada, deteriorada, chea de material de construción e chea de entullos.

ACORDO

O Concello de Santiago en colaboración coas administracións implicadas procederá, unha vez rematadas as obras de canalización, a adoptar as medidas necesarias para acondicionar a zona do belvedere e a carballeira onde se celebrou en 1856 o Banquete de Conxo.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1. Rexistro de entrada do día 16 de abril de 2014, núm. 90, para demandar a rebaixa do 21% de IVE que se aplica ao sector de salóns de peiteado

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a presente **MOCIÓN**, en base a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As perruquerías son, habitualmente, pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous empregados, estando o 85% deles rexentados por mulleres. Este sector

agrupaba en España, no ano 2011, a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban unhas 120.000 persoas.

A crise económica, que dende 2008 afecta á economía do noso País, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada da afluencia de clientes e, por tanto, ó menor número de servizos realizados.

Como consecuencia de esta situación, moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nos seus marxes, co fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo.

En setembro do 2012 entrou en vigor unha nova medida tributaria, adoptada polo Goberno, consistente en incrementar o IVE a abonar por estes servizos do 8% (vixente ata o 31 de agosto do 2012) ó 21%.

A importantísima subida de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:

Os salóns que trasladaron a subida, viron desaparecer gran parte dos seus clientes, que non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaixalos.

Os salóns que non trasladaron a subida, sufriron fortes resultados negativos na súa recadación, véndose obrigados, en moitos casos, ó peche da actividade.

Dicir, a efectos aclaratorios, que o marxe medio de beneficio dun salón é inferior ó 13%.

As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 cerráronse mais de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo. As previsións para o 2014 apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos, este sector reduciuse nun 28% co conseguente impacto colateral en outros sectores (empresas de subministracións de produtos, aparatoloxía, mobiliario, etc.) Mentres tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% au 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do IVE cultural, como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.

O noso entender, o sector da perruquería non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que

manteñen, todavía hoxe, un número importante de empregos e que ademais, é dos pouco sectores que están rexentados por mulleres na súa practica totalidade.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela somete á aprobación do Pleno municipal a seguinte proposta:

UNICA.- O Concello de Santiago de Compostela insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.

2. Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2014, núm. 91, relativa a promoción empresarial no parque empresarial da Sionlla

Que a escaseza de chan e os seus custos son un dos principais freos ao desenvolvemento económico dunha cidade é un axioma longamente repetido. Este ben escaso converteuse nunha das máximas preocupacións das Administracións Públicas, na medida en que a experiencia demostrou a imposibilidade de captar investimentos foráneos, mesmo de reter os endóxeos, sen estar equipados cun stock de chan industrial debidamente preparado. O éxodo de empresas e empresarios de Compostela a territorios limítrofes e a falta real de implantación de empresas de gran tamaño durante os últimos anos así o confirman.

O elevado prezo en bruto do chan e os custos de desenvolvemento supuxeron un grave freo ao investimento empresarial en Compostela, o que se fai especialmente gravoso cando falamos de implantación de empresas dun determinado nivel tecnolóxico.

Cada vez máis o empresariado quere solucións “chave en man” para dedicarse por completo á súa función de produción ou prestación de servizos, e considera que o “problema urbanístico” debe resolvelo a administración competente.

Dentro dunha estratexia de política industrial, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a súa difusión entre o tecido empresarial, constitúen unha aposta fundamental á que os parques empresariais pretenden servir de instrumento.

Así, o parque empresarial da Sionlla, no termo municipal de Santiago, foi concibido como un instrumento para contribuír ao desenvolvemento socioeconómico da súa área de influencia, xa que se trata dunha oferta de espazos para a instalación das empresas nun lugar privilexiado. É o enclave de máis recente posta en marcha dos tres que integran a rede compostelá de parques empresariais.

En xuño de 2007 o parque empresarial da Sionlla recibiu un impulso definitivo coa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do seu proxecto sectorial. Ten unha

superficie neta de 476.792 metros cadrados de chan empresarial neto para uso mixto industrial/terciario.

Polas súas especiais características de situación, infraestruturas e contorna ofrece unhas condicións inmejorables para o establecemento e desenvolvemento de empresas do sector terciario avanzado. A ocupación plena deste parque suporá o establecemento dunhas 200 empresas nas súas 114 parcelas.

Un dos obxectivos dunha promoción axeitada dos parques empresariais, e máis nunha situación de dificultades financeiras das empresas e do seu acceso ao crédito, debe ser facilitar fórmulas flexibles de financiamento para acceder á propiedade dunha parcela. Para logralo, poderíanse prever catro fórmulas a medida das necesidades e posibilidades dos promotores:

1.- Aluguer simple.

2.- Cesión por prazo determinado dun dereito de superficie.

O empresario adquire o dereito de utilización do pavillón, módulo ou oficina que elixe, por un período de tempo estipulado no contrato; unha vez vencido o prazo a utilización do mesmo reverte no antigo propietario, neste caso, a Administración.

3.- Arrendamento con opción de compra.

Esta modalidade de contrato contempla o pago do local por parte do empresario, mediante cotas mensuais, estipulando un período límite para a súa compra definitiva; ao finalizar o período o cliente adquire a propiedade da superficie contratada. Así mesmo, establécense, en determinadas condicións, fórmulas de recuperación do capital amortizado en calquera momento ao longo da duración do contrato, de tal maneira que se o empresario desiste do seu proxecto empresarial pode recuperar parte do investido no local.

4.- Venda en man.

En todo caso deberían incluírse nos contratos cláusulas de salvagarda que impidan a especulación cos terreos ou edificios unha vez transmitida a total propiedade ao empresario.

Como se expuxo, a importancia do chan industrial e empresarial como foco de creación de riqueza económica, unido á notable complexidade de crear áreas convenientemente planificadas e organizadas, contribúe a aumentar a importancia de organizar o chan industrial baixo as fórmulas dos polígonos industriais, parques empresariais ou

tecnolóxicos, ou en definitiva calquera forma de agrupación de empresas nunha mesma área.

Os polígonos industriais e parques empresariais e tecnolóxicos como principais zonas de atracción de novas empresas, favorecedoras de creación de emprego, promotoras do desenvolvemento económico e social, e en definitiva, motores do desenvolvemento económico fan que mereza especial atención a situación actual destas zonas de agrupación ou áreas industriais e o proceso de comercialización das mesmas.

Na situación do mercado actual, para fomentar o desenvolvemento dos chans industriais de nova creación é necesaria a promoción e incentivación para as empresas que estean a buscar unha nave onde instalar o seu negocio.

Faise por tanto evidente a necesidade de definir un plan de comercialización que contribúa ao desenvolvemento e promoción das parcelas do polígono da Sionlla entre novas empresas ou empresas situadas fóra de Compostela, o cal sería factible a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS e o IGAPE.

É por todo o anterior que o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Santiago PROPÓN a este Pleno:

- Promover un Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS e o IGAPE para definir e por en marcha un plan de comercialización co obxecto de potenciar a promoción de parcelas no polígono da Sionlla, que contemple, entre outros aspectos, como fórmulas de financiamento das parcelas: o arrendamento; a cesión por prazo determinado dun dereito de superficie; o arrendamento con opción de compra e a venda en man.

3. Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2014, núm. 92, relativa á posta en marcha dunha liña de autobuses dende cada unha das grandes cidades de Galicia co aeroporto de Lavacolla

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, de acordo ao establecido na normativa aplicable, formula a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

Santiago de Compostela é unha cidade que vive en gran parte do seu turismo. De feito, este gran motor económico é dos poucos que segue xerando ingresos aínda nos tempos de crises que corren.

Paralelamente, Santiago goza dentro do país e con respecto ao noroeste de España dunha localización xeográfica privilexiada e cunha potencialidade estratéxica enorme. Situada no centro xeográfico de Galicia, nestes momentos representa un nó de comunicación terrestre, ferroviario e aéreo. A pesar diso, e no referente ao acceso ao aeroporto de Lavacolla, padecemos graves carencias en infraestruturas e servizos que nos fan perder competitividade co resto de cidades.

Unha destas carencias é a falta dunha ligazón adecuada co aeroporto de Lavacolla desde as outras grandes cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo). Parece incompreensible que unha cidade de 96.000 habitantes, capital de Galicia, con grandes valores turísticos e culturais non dispoña dun servizo de autobús lanzadeira entre as mencionadas cidades galegas e o primeiro aeroporto de Galicia en número de pasaxeiros, operacións e mercadorías.

Esta mala comunicación impón graves limitacións ás nosas empresas turísticas e ademais, complica excesivamente aos, cada vez máis, cidadáns que usan o avión por lecer ou traballo.

Por se isto fose pouco, o aeroporto da cidade do Porto, Sá Carneiro, si que dispón dun servizo directo desde as sete grandes cidades galegas ao aeroporto portugués, o cal favorece claramente a súa competitividade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón que o Pleno Municipal adopte o seguinte

ACORDO:

Solicitar á Xunta de Galicia que conceda as licenzas oportunas para que poñan en funcionamento unhas novas liñas lanzadeira entre as principais cidades galegas (Ferrol, a Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e o aeroporto de Lavacolla, establecendo aquelas as paradas intermedias que sexan estritamente necesarias para un servizo lanzadeira destas características.

Intervén o señor alcalde e anuncia que votarán a favor da toma en consideración da urxencia da moción do grupo nacionalista relativa a acondicionar a zona onde se celebrou o Banquete de Conxo; e tamén respecto ás relativas á rebaixa do IVE do 21% que se aplica ao sector de salóns de peiteado.

A seguir e en primeiro lugar sométese ao pleno a toma en consideración da urxencia da moción relativa a unha vivenda digna, e contra os desafiuzamentos.

No momento no que se trata a urxencia desta moción, están fora do salón de plenos don Bernardino Rama Seoane e dona Mar Martín García, don Francisco Noya Iglesias e dona María Castelao Torres.

Intervén Don Rafael Vilar para defender a moción referida a unha vivenda digna. Indica que non é a primeira vez que traen aquí unha moción destas características referida aos desafiuzamentos. Indica que o fan porque a realidade esta aí. O dereito ao acceso a unha vivenda e en condicións é un problema social de primeira magnitude que non está resolto. Di que a última vez que trouxeron este tema a pleno foi en novembro de 2012, saíu adiante por unanimidade, porque accederon no seu momento a transacionar o texto. Nese texto quedaba claro o dobre compromiso desta corporación fronte ás administracións autonómica e central. Un compromiso coa paralización dos desafiuzamentos, e tamén, compromiso para que se establecesen fórmulas de aluguer social.

O que pasa é que o problema persiste. Pasaron todos estes meses, e coñecéronse tamén a primeiros do mes de abril datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial referidos a desafiuzamentos. Concretamente en Galicia, dende o 2012 ao 2013, lonxe de ir a menos, foron a máis: máis de 2.500 execucións hipotecarias no 2013, das cales algunha delas afectan a conveciños nosos. En todo caso demostrase a insuficiencia das medidas postas en marcha polo goberno de Mariano Rajoy. De nada valeron a Lei 1/2013, de protección a debedores hipotecarios, nin os códigos de boas prácticas dos bancos, porque seguen a producirse desafiuzamentos. Polo tanto, non se está a garantir ese dereito básico como o dereito á vivenda.

Diferentes colectivos sociais veñen de poñer en marcha o traballo de recollida de sinaturas para unha iniciativa lexislativa popular no Parlamento Galego, que pon este problema nun primeirísimo plano. Indica que eles o que buscan hoxe aquí no pleno é que esta corporación lle dea o seu apoio a esta ILP (iniciativa lexislativa popular) co obxecto de que se poida debater no Parlamento de Galicia. En todo caso, indica que eles van facelo como grupo municipal do BNG, e demanda desta corporación ese apoio.

Sometida ao pleno a toma en consideración da urxencia da moción relativa ao dereito a unha vivenda digna, esta queda rexeitada por 10 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular e 10 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

O señor alcalde dá paso á defensa da urxencia da seguinte moción relativa ás vítimas da estafa de participacións preferentes.

No momento no que se somete á consideración do pleno esta moción están ausentes Dona María Castelao Torres e Don Bernardino Rama Seoane.

Intervén don Rubén Cela, que comeza aludindo á comisión, o dezaioito de decembro de 2013, dunha das maiores estafas aínda que legal que sufriu o pobo galego, cando o goberno español a través do FROB autorizou a privatización de Novagalicia Banco, principal entidade financeira galega que quedaba en pé, e que xestiona aproximadamente o 40 por cento do aforro dos galegos. Di que se procedeu á entrega da entidade, que previamente fora nacionalizada e rescatada con 9.000 millóns de euros de diñeiro público e avalada polo Estado, a un pequeno banco venezolano pola irrisoria cantidade de 1.000 millóns de euros a pagar en cómodos prazos de aquí a 2018.

Di que a pesar de que hai ano e medio, en plena campaña das eleccións galegas, o daquela candidato e actual presidente da Xunta, o Sr. Feijóo, afirmaba publicamente que se ía buscar unha solución para resolver a estafa das preferentes e subordinadas, hoxe o problema segue sen resolverse, pois aínda quedan por devolver 500 millóns de euros a 35.000 persoas.

Fala de que, só en Santiago, das preto de dúas mil persoas afectadas, só a metade, aproximadamente, recuperaron á totalidade dos seus aforros pola vía da arbitrase. Outros 1000 veciños e veciñas, sufriron quitas dentre o 27 e o 67 por cento, e outra parte minoritaria segue a manter unha demanda pola totalidade dos seus aforros. Alude a que nestes casos, o 99 por cento das sentenzas sonlles favorables.

Opina que en todo este proceso, o Sr. Feijóo, nin buscou a solución prometida, nin se molestou en que no contrato de venda de NGB se recollese a devolución dos seus aforros a todas as persoas estafadas. Ante isto, cre que é indignante a irresponsabilidade e a postura do Presidente da Xunta, quen se declara “tranquilo e satisfeito polo desenlace” da venda de NCGB.

Lembra que o futuro dono de Novagalicia Banco entrou prometéndolle ás persoas afectadas unha solución en 90 días. Di que o prazo xa venceu, e o señor Escotet non deu ningunha solución, alegando como escusa que aínda non era dono efectivo do banco e prometendo que as daría antes do 31 de maio.

Por este motivo, apunta o Sr. Cela, o grupo municipal do BNG solicita que o Concello de Santiago se dirixa aos portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados e no Senado, para demandarlles que presenten e apoiem, cando se debata nesas institucións, a proposición de lei aprobada por unanimidade no Parlamento galego, na que se demanda a reforma da Lei 9/2012, de 14 de novembro, para eximir de quitas ás persoas aforradoras ás que as entidades bancarias lles colocaron participacións preferentes e obrigas subordinadas.

Solicita, en segundo lugar, que o Concello de Santiago valore a procedencia de retirar as contas que ten na entidade bancaria Novagalicia Banco se o futuro dono desta entidade, o señor Escotet, non cumpre a súa promesa.

En terceiro lugar, pide que o Concello de Santiago condene publicamente a represión que están a sufrir as persoas estafadas polas participacións preferentes e subordinadas, mediante sancións administrativas, e se dirixa ao Delegado do Goberno en Galiza instándoo a que retire ou archive ditas sancións administrativas.

A toma en consideración da urxencia desta moción queda rexeitada por 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Procédese a continuación á defensa da urxencia da moción relativa a promoción empresarial no parque empresarial da Sionlla.

No momento no que se debate a toma en consideración da urxencia desta moción están fóra do salón de plenos Don Rubén Cela Díaz e Dona María Castelao Torres.

Intervén Don Francisco Reyes Santiás, quen alude á consideración do parque empresarial da Sionlla, no termo municipal, como un instrumento que contribúe ao desenvolvemento socioeconómico da súa área de influencia, xa que trata dunha oferta de espazos para a instalación das empresas nun lugar que eles entenden privilexiado. Di que a ocupación plena dese parque ten que supoñer o establecemento de aproximadamente 200 empresas nas súas 114 parcelas.

Cre que un dos obxectivos da promoción adecuada dos parques empresariais, máxime na situación de dificultades financeiras que teñen neste momento as empresas e do seu acceso ao crédito, debe ser facilitar fórmulas flexibles de financiamento para acceder á propiedade dunha parcela. Para iso, menciona catro fórmulas a medida das necesidades e posibilidades dos promotores:

- Aluguer simple.
- Cesión por prazo determinado dun dereito de superficie.
- Arrendamento con opción de compra
- . Venda ao contado.

Faise evidente, segundo o señor Reyes, a necesidade de definir un plan de comercialización que contribúa ao desenvolvemento do polígono da Sionlla, facéndoo

máis atractivo para as empresas. Di que sería factible a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS e o IGAPE, co obxecto de potenciar a promoción de parcelas no Polígono da Sionlla para a colocación de novas empresas, ou o traslado de empresas situadas fóra de Compostela.

Por todo o anterior, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Santiago propón a este Pleno:

- Promover un Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS e o IGAPE para definir e pór en marcha un plan de comercialización, co obxecto de potenciar a promoción de parcelas no polígono da Sionlla, que contemple, entre outros aspectos, como fórmulas de financiamento das parcelas: o arrendamento; a cesión por prazo determinado dun dereito de superficie; o arrendamento con opción de compra, e a venda ao contado.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da presente moción por 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

O señor alcalde indica que hai outra moción, que é a relativa á posta en marcha dunha liña de autobuses dende cada unha das grandes cidades de Galicia ao aeroporto de Lavacolla.

No momento no que se debate a toma en consideración da urxencia desta moción entra no salón de plenos Don Rubén Cela Díaz.

Intervén de novo don Francisco Reyes. Di que Santiago de Compostela é unha cidade que vive en gran parte do seu turismo e que ese gran motor económico é dos poucos que segue a xerar ingresos, aínda nos tempos de crise que corren. Considera que Santiago goza, dentro do país, e con respecto ao noroeste de España, dunha localización xeográfica privilexiada e dunha potencialidade estratéxica enorme. Situada no centro xeográfico de Galicia, nestes momentos representa un nó de comunicación terrestre, ferroviario e aéreo.

A pesar diso, e no referente ao acceso ao aeroporto de Lavacolla, opina que padece graves carencias en infraestruturas e servizos que a fan perder competitividade co resto de cidades.

Unha desas carencias é a falta dunha ligazón adecuada co aeroporto de Lavacolla dende as outras grandes cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Ourense e

Lugo). Parécelle incomprendible que unha cidade que ten 96.000 habitantes, que é a capital de Galicia e que posúe grandes valores turísticos e culturais, non dispoña dun servizo de autobús lanzadeira entre as mencionadas cidades galegas. É o primeiro aeroporto de Galicia en número de pasaxeiros, operacións e mercadorías.

Di que esta mala comunicación impón graves limitacións ás empresas turísticas e ademais, complica excesivamente aos, cada vez máis, cidadáns que usan o avión por lecer ou traballo.

Por se isto fose pouco, continúa a dicir, o aeroporto da cidade do Porto, o Sá Carneiro, sí que dispón dun servizo directo dende as sete grandes cidades galegas ao aeroporto portugués, o cal favorece claramente a súa competitividade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón ao Pleno Municipal que adopte o seguinte acordo:

Solicitar á Xunta de Galicia que conceda as licenzas oportunas para que poñan en funcionamento unhas novas liñas lanzadeira entre as principais cidades galegas (Ferrol, a Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) e o aeroporto de Lavacolla, establecendo as paradas intermedias que sexan estritamente necesarias para un servizo lanzadeira destas características.

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia da presente moción por 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e 12 votos en contra, correspondentes aos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A continuación procédese a tratar as mocións referidas ao Banquete de Conxo formulada polo BNG, e as referidas ao IVE das perruquerías formuladas polo BNG e polo PSdeG-PSOE que se tratarán conxuntamente.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda tomar en consideración a urxencia da moción do BNG relativa ao acondicionamento da zona na que se celebrou o Banquete de Conxo.

A seguir o pleno procede a debater o contido desta moción.

Don Rafael Vilar di que eles entenden que está aceptada, como así se lles fixo chegar por parte do goberno municipal. Di que, polo tanto, eles simplemente se congratulan de que se poida producir; de que haxa ese compromiso de recuperación dun espazo que ten un valor simbólico e histórico importante na cidade.

O señor alcalde preguntalle ao grupo socialista se quere intervir, e a seguir di que cre que é un espazo de memoria que hai que respectar e polo tanto, acondicionar.

Tralo debate do seu contido, o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, acorda adoptar as medidas necesarias para acondicionar a zona do belvedere e a carballeira na que se celebrou en 1856, o Banquete de Conxo, logo de rematadas as obras de canalizacións.

O pleno da corporación, por unanimidade dos presentes, acorda tomar en consideración a urxencia das mocións presentadas polo BNG e polo PSdeG-PSOE relativas ao IVE das perruquerías.

A continuación procédese a debater o contido das citadas mocións.

A señora Cienfuegos di que a subida do IVE das perruquerías do 8 ao 21 por cento, como consecuencia do Decreto 20/2012, motivou unha iniciativa do BNG no Congreso dos Deputados. Salienta que a traen ao pleno porque despois do tempo de aplicación estanse a vivir as consecuencias, perda de clientela, salóns pechados, empregos perdidos, fundamentalmente de mulleres, e aumento de economía sumerxida. Unha situación que leva ás persoas afectadas a demandar solucións e a manifestar publicamente o seu malestar.

Comenta que se está diante dun sector de autónomos maioritariamente, un sector que xera moitos postos de traballo, un forte dinamismo, que está lastrado non só pola crise xeral, senón tamén polo aumento das taxas aos autónomos, a subida da electricidade, e ademais polo desorbitado incremento do IVE. Nestas circunstancias, e cuestionando a capacidade recadatoria que ten a subida do IVE, dado que pechan establecementos e medra a economía sumerxida, propón ao pleno o acordo de demandar da Xunta que interveña diante do goberno do Estado para a rebaixa dese 21 por cento do IVE que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, e que ten provocado graves consecuencias negativas.

Don Francisco Reyes di que en setembro de 2012, entrou en vigor unha nova medida xeral adoptada polo goberno do Estado, consistente en incrementar o IVE do sector das perruquerías do 8 por cento, IVE reducido naquel entón, ao novo 21 por cento. Analiza cal é o custo medio que teñen que asumir os consumidores por esta alza fiscal que produce, en principio pasar ao 21 por cento. Di que cada fogar español gasta unha media de 29.782 euros ao ano.

Sinala que o incremento do IVE, de analizar a enquisa de orzamentos familiares que elabora o Instituto Nacional de Estatística, despréndese que cada familia ten que asumir un gasto adicional de 490 euros ao ano.

Indica que a suba do IVE alentou a economía sumerxida que xa representaba preto do 20 por cento do PIB, e iso porque a brecha entre a recadación por IVE e o consumo final dos fogares continúa abríndose dende a subida do IVE, o que supón unha proba fehaciente de que esas prácticas irregulares se están a estender.

Apunta que no primeiro semestre do exercicio 2013 a recadación por IVE descendeu un 10 por cento, mentres que nese mesmo período o consumo dos fogares tan só o fixo nun 5 por cento. Para os asesores fiscais, este aumento da economía sumerxida non estivo marcado polo ánimo defraudador, senón pola supervivencia de pequenos comercios que viron reducida a súa actividade por mor da diminución do consumo.

Di que no 2012 o Banco de España sinalaba que o valor engadido bruto dos servizos de mercado retrocedeu un 0,3 por cento, cun marcado perfil contractivo na parte final do ano, que se concentrou nas ramas de comercio, transporte, hostalería, como consecuencia da suba dos tipos do IVE.

Segundo o Decreto 204/1999, de 2 de xullo, enténdese por establecementos de perruquería e estética aqueles locais abertos ao público nos que se prestan servizos consistentes en actividades de lavado, corte, peiteado, etc., e actuacións similares no cabelo das persoas, así coma tamén os servizos complementarios como masaxes faciais, manicura, pedicura, etc.

Continúa a dicir que segundo os datos das cámaras de comercio galegas na nosa Comunidade Autónoma existen unhas 4.343 empresas inscritas no epígrafe servizos de perruquería de señora e cabaleiro. A maior parte dos establecementos concéntranse nas provincias da Coruña, con 1.787 empresas, e Pontevedra con 1.453. Engade que de ter en conta a poboación, o índice de cobertura na Coruña, é de 1,58 perruquerías por mil habitantes.

Di que con respecto aos datos relativos ao volume de negocio da actividade de perruquería, segundo o estudo barómetro cosmo-belleza, un 99 por cento da poboación entre os 20 e os 60 anos acode as perruquerías, sendo 343 euros por persoa o gasto medio anual. Di que se a poboación entre 16 e 64 anos no termo municipal de Santiago de Compostela é de 96.000 persoas, segundo os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, o mercado sería de 64.834 persoas. De multiplicar esta cantidade polo gasto medio anual o resultado indicaría que o volume de negocio das perruquerías na nosa cidade sería da orde de 22.200.000 euros.

Comenta que a destrución de emprego foi importante no sector dos salóns de perruquería, onde a subida do IVE pasou do tipo reducido do 8 por cento ao xeral do 21 por cento. Di que as patronais do sector teñen avaliado que a medida provocou a perda a nivel de Estado de máis de dez mil postos de traballo, e o peche de máis de tres mil pequenas empresas só durante o primeiro ano de aplicación desta medida.

Destaca que o motivo foi a subida de trece puntos no IVE, e que nalgúns casos os salóns trasladaron a subida aos seus clientes, levando á perda de clientes, xa que moitos non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos nunha época onde toda a economía estivo ou está baixándoas. Outros non trasladaron a subida e atopáronse con que foron eles quen as asumiron a subida de impostos, para finalmente, presentar fortes resultados negativos.

Refírese a que en Santiago de Compostela existen aproximadamente uns 150 salóns de perruquería, cunha media de 1-2 traballadores por establecemento. Como media por servizo, os varóns teñen gastado 13,9 euros por servizo; as mulleres 41 euros. En 2013 estímase que o peche de salóns de perruquería foi dun 16,7 por cento das existentes. Di que se prevé o peche ao longo deste ano 2014 doutro 14 por cento, e a perda de postos de traballo, calcúlase nuns sesenta. Di que o seu grupo apoia a proposta que presenta o BNG que coincide coa do seu grupo. Di que quere facer “in voce”, unha emenda á proposta de acordo co obxecto de engadir, novamente o IVE reducido, que neste caso xa non é do 8% senón do 10%, porque hai que saber onde rebaixar. Di que se o BNG non ten inconveniente en aceptar a rebaixa do 21% o IVE reducido do 10%, eles votarán a favor da moción.

Intervén o señor alcalde e di que hai outro aspecto máis que é trasladar ese acordo ó Presidente do Estado, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, ao Presidente da Xunta de Galicia, que está incluída na do Bloque pero que non está incluído na moción do grupo socialista

Dona Reyes Leis comenta que polo que respecta ao seu grupo, van plantexar unha transacción, na liña de instar ao goberno do Estado a que dentro do marco das reformas do sistema fiscal e tributario sexa estudado e valorado o uso intensivo da man de obra no sector das perruquerías, na procura de satisfacer as peticións formuladas polo seu colectivo.

Toma a palabra o señor alcalde e pregunta se se acepta esta transaccional do grupo popular. Precisa que hai dúas emendas, unha do grupo socialista, e outra do grupo popular, e indica que a do grupo popular realmente cambia o texto do grupo nacionalista.

Dona Elvira Cienfuegos di que en relación coa emenda do partido socialista, non habería ningún problema. Di tamén que están na mesma liña ao respecto da que fai o Partido Popular. Entenden que por unha parte é unha rebaixa do que eles plantexan, porque xa non daban a opción de estudar e valorar, senón que xa piden directamente que se rebaixe o IVE. Di que estarían dispostos a aceptala para que se poida dar realmente traslado ao goberno do Estado, pero cunha precisión mínima de indicar que se refiren a peticións formuladas polo colectivo, e que se inclúa nomeadamente no que fai a rebaixa do IVE actual do 21% porque senón queda dunha maneira tan ambigua que non se sabe a que se están a referir.

Di que ela xa facía mención a que o sector de perruquerías que ten este IVE do 21 por cento ten outros problemas, como pode ser a taxa de autónomos, e nalgúns casos o problema da electricidade. Di que ao seu grupo lles parece que aínda que neste momento poida resultar evidente para o conxunto das persoas que están aquí que se refire a rebaixa do IVE só poderían aceptala, se realmente se matiza a que se está a referir cando se fala das peticións formuladas por este colectivo.

Logo de debater o seu contido, o pleno da corporación por unanimidade dos presentes acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza como consecuencia das peticións do colectivo a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21%, ao tipo reducido do 10%, que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.
2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do goberno do Estado e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Remata a sesión cando son as vinte horas. Dou fe.